ORZAMENTO 2023

CONCELLO DE ARTEIXO

ÍNDICE DE DOCUMENTOS

Páxina

1.- Providencia da Alcaldía-Presidencia 1

2.- Informe xurídico de Secretaría 2

3.- Memoria da Alcaldía-Presidencia 7

4.- Bases de Execución. 14

5.- Estados de gastos e ingresos Concello 43

6.- Estados de gastos e Ingresos SUMARTE S.A. 221

7.- Estado de gastos Orzamento consolidado..... 238

8.- Anexo de persoal da Entidade e Plantilla de persoal..... 240

9.- Anexo de investimentos. 270

10.- Estado de liquidación orzamento exercicio anterior e avance da de corrente. 272

11.- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais 274

12.- Informe económico-financeiro. 276

13.- Informes subvencións nominativas. 284

14.- Informe sobre a avaliación do cumprimento do obxectivo da estabilidade orzamentaria e da regra do gasto. 294

15.- Informe de Intervención.....301

16.-Proposta da Alcaldía ao Pleno da Corporación.....314

Expediente núm.: 2022/T004/000002 - APROBACIÓN DO ORZAMENTO 2023

PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

Vista a elaboración do Orzamento Xeral da Entidade Local para o exercicio 2023, segundo o establecido nos artigos 162 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo,

DISPOÑO

PRIMEIRO. Se incoe o procedemento administrativo tendente á aprobación do Orzamento municipal do concello de Arteixo para o exercizo 2023, xunto cos documentos que o integran, e que no seo da súa instrucción, por parte da Secretaría Xeral se emita informe xurídico en relación coa lexislación aplicable e o procedemento a seguir, atendendo ao establecido nos artigos 3.3 g) e 3.4. do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

SEGUNDO. Unha vez cumplidos os trámites establecidos no informe xurídico do procedemento sométase de novo a esta Alcaldía aos efectos da elevación ao previo Ditame da Comisión Informativa de asuntos económicos e facenda aos efectos establecidos no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Asinado dixitalmente. Carlos Calvelo Martínez.

Alcalde-Presidente

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/es/
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: nwEBaHEtGqBYMSPaHxIF
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

PROCEDEMENTO.- Aprobación de presupuestos
Expediente.- 2022/T004/000002

Asunto.- APROBACIÓN DO ORZAMENTO 2023

INFORME DE SECRETARÍA

De acordo co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia nwEBaHEtGqBYMSPaHxIF de data 11 de outubro de 2022, en cumprimento do establecido no artigo 3.3.a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,

INFORME

PRIMEIRO. De conformidade co artigo 168 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, O orzamento da Entidade Local será formado polo seu Presidente e a el deberá unirse a seguinte documentación:

a) Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.

b) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente.

c) Anexo de persoal da Entidade Local.

d) Anexo dos investimentos a realizar no exercicio.

e) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada Entidade Local.

f) Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obligación de pago e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o orzamento

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: rO75Z1N/foJ5AlZUMgMf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

municipal e das obligación pendentes de pago e dereitos económicos pendentes de cobro, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen, e a referencia a que devanditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento á que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

g) Un informe económico-financeiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obligación exixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

As sociedades mercantis aportarán as súas previsións de gastos e ingresos, así como os programas anuais de actuación, inversión e financiación.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

— Os artigos 162 ao 171 e 193.bis do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

— Os artigos 22.2 e) e 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

— Os artigos do 2 ao 23 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei Reguladora das Facendas Locais.

— A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

— A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

CVD: rO75Z1N/foJ5AlZUMgMf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

— O artigo 16 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.

— O Regulamento (UE) Núm. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).

— A Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais (IGAE).

— As Regras 55 e seguintes da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

— A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

— O artigo 4.1.b) 2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

— O Real Decreto-lei 3/2016, de 2 de decembro, polo que se adoptan medidas no ámbito tributario dirixidas á consolidación das finanzas públicas e outras medidas urxentes en materia social.

— O Real decreto-Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.

— O Real decreto-Lei 8/2013, de 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.

— Acordo do Consello de Ministros do 6 de outubro de 2020 de suspensión das regras fiscais en 2020 e 2021, aprobado polo Congreso o 20 de outubro de 2020, e prórroga da suspensión das regras fiscais en 2022, aprobado polo Congreso o 13 de septiembre de 2021.

CVD: rO75Z1N/foJ5AlZUMgMf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

TERCEIRO. O modelo normal de contabilidade deben aplicalo os municipios con orzamento que exceda de 3.000.000 euros, así como aquel con orzamento que non supere este importe pero exceda de 300.000 euros e cuxa poboación sexa superior a 5.000 habitantes. As demais entidades locais sempre que o seu orzamento exceda de 3.000.000 euros. Os organismos autónomos dependentes das entidades locais contempladas nos apartados anteriores.

CUARTO. O Procedemento a seguir será o seguinte:

A. No exercicio das funcións recollidas no artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emitirase o correspondente informe de Intervención.

B. Posteriormente, o órgano interventor deberá elaborar un informe para o cálculo da Estabilidade Orzamentaria e a Sustentabilidade Financeira, de conformidade co artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.

C. Emitido Informe pola Intervención, emitirase Ditame da Comisión Informativa de Asuntos económicos, que o elevará o Pleno da Corporación antes do 15 de outubro (cos anexos e documentación complementaria esixida pola lexislación) para a súa aprobación.

O Pleno será o órgano competente para aprobar o Orzamento Municipal, sendo o quórum necesario para a válida adopción do Acordo de aprobación, o de maioría simple, a tenor do disposto nos artigos 22.2 e) e 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

D. Aprobado inicialmente o Orzamento municipal para o exercicio económico de 2023, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

CVD: rO75Z1N/foJ5AlZUMgMf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

E. O orzamento considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

F. Presentadas alegacións, o órgano interventor procederá á información das mesmas.

G. Á vista das alegacións presentadas a Comisión Informativa de Asuntos económicos emitirá ditame que se someterá á aprobación definitiva por parte do pleno.

H. O Orzamento municipal deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia resumido por capítulos, entrando en vigor no exercicio 2023, una vez sexa publicado na forma prevista anteriormente.

I. Deberá remitirse una copia do mesmo á Administración do Estado e ao órgano de goberno da Comunidade Autónoma do Orzamento Municipal, e dita remisión deberase realizar simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial da Provincia do anuncio descrito anteriormente.

QUINTO. Contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establezan as normas de devandita Xurisdición, en virtude do artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O Tribunal de Contas deberá informar previamente á resolución do recurso cando a impugnación afecte ou se refira á nivelación orzamentaria.

A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación.

Asinado dixitalmente.- José María Vázquez Pita

Secretario municipal

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: rO75Z1N/foJ5AlZUMgMf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2023

MEMORIA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

D. CARLOS CALVELO MARTÍNEZ, Alcalde-Presidente deste Concello, ao abeiro do artigo 168.1 a) do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, formula a presente memoria, correspondente á formación do Orzamento do exercicio de 2023 desta entidade.

O primeiro que hai que destacar é que a elaboración do Orzamento do Concello constitúe un dos actos de goberno mais trascendentes do exercicio en aras de poder atender aos intereses veciñais con eficacia, e para minimizar no posible os efectos que supón traballar cun orzamento prorrogado.

O orzamento é un documento de gran importancia, tanto como elemento de planificación como de instrumento que permite deseñar as condicións e posibilidades da acción municipal. Pódese afirmar que é o modelo que representa as diferentes expectativas de actuación, desenvolvemento e prestación de servizos da entidade local. Así, a estrutura orzamentaria que durante estes anos aplicouse, propiciou un control da xestión e da toma de decisións, tendo en conta a natureza económica dos ingresos e dos gastos e as finalidades e obxectivos que con estes últimos se pretenden acadar.

O orzamento é, ademáis, o elemento económico imprescindíbel ao que a lexislación condiciona o desenvolvemento dos investimentos e gastos necesarios para acadar os obxectivos previstos. Da resposta, polo tanto, ás distintas necesidades ás que se enfronta este concello no momento actual; procurando, ao mesmo tempo e en todo caso, facelo dende unha posición estable e realista, que permita consolidar os pilares sobre os que debe descansar a proposta de consolidación e modernidade do Arteixo do futuro.

Así, coa presentación do presente documento se pretende consolidar e garantir o mantemento dunha xestión eficaz, que está sendo capaz ano tras ano de construir un modelo municipal economicamente viable e socialmente avanzado en Arteixo, atendendo a todos os seus compromisos e investimentos sen necesidade de acudir a endebedamento e garantir a estabilidade orzamentaria.

Estes orzamentos que achego para a súa aprobación polo Pleno municipal son, polo tanto, a continuidade dun bo modelo de xestión que está en marcha no noso pobo. Un modelo baseado no desenvolvemento de políticas activas de benestar social, seguir combatindo a pandemia, impulsar a dinamización da economía e atender as necesidades das familias, pymes e autónomos.

Neste contexto de crise sanitaria global, como administración mais cercana ao cidadán e prestadora de moitos servizos e competencias que non lle son propios, este Concello afronta a

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/es/
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: 0t0IAj2CQa5kC30+2uBj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

situación descrita nunha coxuntura que lle permitirá incrementar o orzamento para abordar novos e necesarios proxectos no futuro inmediato.

De seguido, entraremos a valorar as cifras concretas de cada capítulo, mais é necesario suliñar que este orzamento se presenta nun contexto con síntomas evidentes dun crecemento importante e optimización no que a prestación de servizos respect que, en definitiva, redundarán na mellor calidade de vida dos arteixáns.

O contido do orzamento para o exercicio 2023, en síntese, é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS.-

O Estado de Gastos do Orzamento deste Concello para o ano 2023, 65.810.000,00 € correspondendo a operacións correntes 39.042.206,80 € e a operacións de capital 26.767.793,20 €.

Polo tanto, as principais modificacións que se introducen no Estado de Gastos, en relación co Orzamento do exercicio anterior son, de forma resumida, as seguintes:

CAPÍTULO 1 (GASTOS DE PERSOAL)

En relación cos gastos correntes, prevéronse os de persoal cos correspondentes créditos destinados ao persoal funcionario, laboral, eventual e político en función das retribucións previstas a percibir no exercicio, así como aos gastos derivados dos incentivos ao rendemento e tamén os gastos sociais.

O Cap. I recolle os créditos necesarios da plantilla orzamentaria cos incrementos previstos na lexislación vixente.

CAPÍTULO 2 (GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS)

-

Tomando como antecedente as necesidades dos distintos servizos, tanto os xa existentes como os novos creados, que deben prestarse durante o exercicio económico, consignáronse os créditos necesarios para atender os gastos en bens correntes e servizos expresados no capítulo 2.

En canto aos gastos en bens correntes e servizos (Cap. 2), prodúcese subida do 8,39%, para 2023. As principais modificacións que sufren as aplicacións orzamentarias deste capítulo son as seguintes:

CVD: Ot0IAj2CQa5kC30+2uBj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1621.22799. Recollida de residuos outros traballos. Esta aplicación recolle os novos contratos e actuacións a realizar no servizo de recollida de residuos, como son a retirada de voluminosos por 82.000 €, residuos abandonados por 41.250 € e mantemento dos contedores por 76.500 €.

1623.227. Tratamento de residuos, outros traballos. Foi creado un novo concepto para SOGAMA, cunha dotación de 850.000 €.

163.21000. Limpeza viaria. A partida é dotada con 718.577,30 € para a xestion de Sumarte.

165.22100. Enerxía eléctrica. Tívose en conta os contratos que se están a licitar para este suministro.

170.22706. Administración xeral do Medio Ambiente. Dótase esta partida con 60.000 € para a realización de distintos plans de prevención por parte da concellería.

171.21000. Parques e xardíns Dótase esta partida con 1.000.000 € pola execución dos contratos de Medio ambiente

231.22712 Asistencia social primaria. Recóllese un modificado no contrato de SAF

231.22714. Actividades socioculturales. Aumenta para recoller novos contratos de dinamización e actividades.

231.22799 Asistencias social, outros traballos. Inclúese o contrato de mantemento de Monticaño ata 104.000€

320.21200 Administración General de la educación. Edificios Dotase esta partida con 100.000 € para o mantemento e conservación dos centros educativos.

933.22711 Xestión do patrimonio. Conserxería e limpeza. Esta partida recolle a nova licitación do contrato por importe de 650.310,80 €

CAPÍTULO 3 (GASTOS FINANCEIROS)

Os gastos financeiros destinados aos xuros de demora dótanse para atender aos posibles retrasos ou pronunciamentos xudiciais que puideran recibirse. Tamén recolle gastos dirixidos a comisións derivados do mercado bancario, ainda que foron tramitados expedientes de colocación de excedentes de tesourería.

CAPÍTULO 4 (TRANSFERENCIAS CORRENTES)

No capítulo 4 deste estado, recóllense a concesión de subvencións e axudas económicas a diversas entidades culturais e deportivas e de emerxencia social a familias e particulares, os convenios asinados, así como para facer fronte a outras atencións derivadas de obrigas adquiridas con outros entes, como pode ser a achega para o Servizo de Transporte Metropolitano ou para o a escola infantil de Pastoriza, centro de día e residencia de maiores.

CVD: 0t0IAj2CQa5kC30+2uBj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

As principais modificacións do Cap. 4 son:

231.45000. Transferencias correntes á Administración Xeral das CC.AA. Increméntase esta partida en 141.901,60 € para o pago de usuarios de Arteixo , residencia de ancianos

338.48902 Festas populares e festexos. A Comisións de festas.Auméntase cun importe de 20.000 €.

4411.45000 transporte colectivo urbano de viajeros Dótase esta partida de 580.000€ para o SIMU de Arteixo e liquidación do ano 2022.

CAPÍTULO 6 (INVESTIMENTOS REAIS)

En relación cos gastos de capital, dotáronse as correspondentes partidas no capítulo 6 para poder afrontar a execución das obras e servizos que veñen desagregadas no anexo de investimentos coa correspondente fonte de financiamento e o capítulo 7 de transferencias de capital, que recollen as subvencións para investimentos a diversas entidades.

No que respecta aos investimentos para o exercicio 2023, recollidos no capítulo 6, aumentan un 10,01 %.

CAPÍTULO 7 (TRANSFERENCIAS DE CAPITAL)

Unido a anterior están os investimentos indirectos, reflectidos no capítulo 7 no que se recollen ás subvencións para equipamento a entidades educativas e para o financiamento de instalacións ou reforma de ascensores e actuacións de eficiencia enerxética en vivendas nas que se fai necesario, aumentando este capítulo, debido ao incremento nesta liña de subvencións.

CAPÍTULO 8 (ACTIVOS FINANCEIROS)

Os activos financeiros que se refiren aos anticipos concedidos ao persoal non sofre variación algunha con respecto ao anterior.

Dicir por último, que o capítulo 9 (pasivos financeiros), que se refire a amortización da débeda, non existe xa que este Concello non ten débeda viva algunha neste momento presente que esixa a presupostación.

ESTADO DE INGRESOS.-

O Estado de Ingresos deste Orzamento ascende, ao igual que o de Gastos, a 65.810.000,00 € correspondendo a operacións correntes 48.714.964,16 € e a operacións de capital 17.095.035,84 €.

CVD: Ot0IAj2CQa5kC30+2uBj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/es/
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

En canto aos recursos ordinarios (capítulos 1 a 5), consignáronse todos aqueles que procede, tomándose como base as Ordenanzas en vigor, as participacións en tributos do Estado e todas aquelas subvencións ou transferencias para gastos correntes que se esperan recibir durante o exercicio orzamentario, ademais do ingresos patrimoniais derivados de concesións e aproveitamentos especiais, así como dos xuros das contas bancarias, por previsible aumento dos tipos de xuro no ano 2023.

No tocante aos recursos de capital, o concepto máis significativo é o referente a transferencias de capital, que se refiren ás achegas dos Fondos Europeos EDUSI , así como aos fondos FEDER a través do Fondo de Desenvolvemento Rexional e da Deputación Provincial (Plan de Obras e Servizos) para o financiamento de investimentos.

Como fonte de financiamento para determinados investimentos incluídos no Anexo de Inversións, inclúese á concertación de operacións de endebedamento.

Polo tanto, as principais modificacións que presenta este estado de ingresos con respecto ao anterior son, en resumo, as seguintes:

CAPÍTULO 1 (IMPOSTOS DIRECTOS)

As previsións totais dos impostos directos manteñense con respeto ao exercicio anterior debido ao seguinte:

-Referente ao o Imposto de Bens Inmobles (IBI) aumenta a cantidade orzamentada no 2022, debido á incorporación do polígono de Morás.

-En canto á previsión do IAE, mantense no ano 2023, o IAE de inspección, aumenta de maneira significativa debido o pagamento por parte da empresa Ferrolatlantica das cantidades reclamadas por el IAE en diferentes años 890.000€

-Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) manténse como no exercicio económico de 2022 e segundo indica a execución orzamentaria dese ano anterior.

-Referente a Plusvalía (IIVTNU) e a prol de manter a prudencia de previsións de ingresos, aumenta a previsión no exercicio económico de 2023, teno en conta a venta de distintas parcelas no Polígono de Sabón que suporá cantidades importantes para o concello.

CAPÍTULO 2 (IMPOSTOS INDIRECTOS)

-ICIO, este capítulo recolle a previsión do imposto sobre construcións, instalacións e obras. A previsión para o ano 2023, aumenta de maneira moi importante a cantidade orzamentada, existe previsións de distintas actuacións no porto exterior, no polígono de Sabón e no polígono de Morás, cunha previsión de execución de dúas actuacións con una inversión de máis de 300.000.000€.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/es/
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: 0t0IAj2CQa5kC30+2uBj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

-ICIO de inspección e a súa comprobación, corresponde a proxectos excepcionais cun orzamento de execución material elevado. Por outra banda, durante éste ano 2023 continúa a inspección deste tributo e xa hai actas de conformidade asinadas e conformidade de débeda tributaria cumprindo xa nunha alta porcentaxe as previsions iniciais.

CAPÍTULO 3 (TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS)

-Este capítulo do estado de ingresos aumenta motivado fundamentalmente polas unidades de actuación:

Temos os proxectos para executar da UA49, por 625.501€, UA8 por6 89.975,57 €, UA62 por 241.000€, UA52 por 209.663,05€ e BALDOMERO GONZALEZ por 688.983,92€

-Aumenta a consignación de INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, pola posta en marcha da piscina de Meicende.

-Aumenta lixeiramente a taxa pola recollida de lixo ata a cantidade de 2.100.000 €. Ainda que se incorporan as bonificacións á hostelería, tamén precisamos dunha constante depuración do padrón que permita detectar os recibos non incorporados.

-Licencias urbanísticas, increméntase a previsión de ingresos en coordinación co ICIO e a previsión dos proxectos que se van a realizar no ano 2023, Porto Exterior, Polígono de Sabón e Polígono de Morás.

Por outra banda, sofre unha importante minoración a taxa polo aproveitamento do dominio público local de empresas explotadoras de servizos de subministros, xa que nos anos anteriores xa se ingresaron diversas liquidacións derivadas de actas de conformidade de comprobación de empresas subministradoras de enerxía engadindo os exercicios non prescritos.

CAPÍTULO 4 (TRANSFERENCIAS CORRENTES)

-Cap. 4 (Transferencias correntes) recolle as previsións correspondentes á participación dos tributos do estado que no ano 2022 que se incrementan nun 3%.

-Da Xunta e de destacar o plan concertado de servizos sociais, que experimenta un incremento de 82.509,01 € € na cantidade a recibir, en base ó estudo do ingreso por hora.

-Da Deputación o POS 2023 está previsto nas seguintes cantidades: 633.992,09 para alumeados, 169.839,87 para gasto social e 485.256,78 para gasto corrente.

CAPÍTULO 5 (INGRESOS PATRIMONIAIS)

Os ingresos patrimoniais aumentan respecto o ano 2022, derivándose de dous conceptos relativos a produtos de concesións e aproveitamentos especiais, como son o canon por instalacións nas festas, dos túneles do PISA, ou parque eólico. E previsible un aumento dos tipos de interés que retribuan os excedentes de tesourería.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/es/
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: 0t0IAj2CQa5kC30+2uBj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAPÍTULO 6 (INGRESOS DE CAPITAL)

Está previsto o alleamento de investimentos reais por importe de 4.200.000 €. No Anexo de investimentos aparecen reflectidas as inversións que van a financiar.

CAPÍTULO 7 (TRANSFERENCIAS DE CAPITAL)

-Recóllese neste capítulo a achega do programa da Deputación Provincial por un total de 2.122.115,18 con destino a rede ciclista da área metropolitana e POS 2022 e 2023 para asfaltados.

-Financiamento de determinados investimentos a través do Fondo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e Proxecto de Resilencia (NEXT GENERATION) no exercicio de 2023, incorpórase a cantidade de 6.701.335,98 €, debido a licitación e execución no 2023 do plan EDUSI de Arteixo, e incorpóranse a financiación da maior parte das liñas, pois xa foron avanzados proxectos en casi todas as liñas á espera da licitación e execución.

CAPÍTULO 8 (ACTIVOS FINANCEIROS)

Esta capítulo recolle as previsións dos reintegros de anticipos ao persoal, non sofre variación algunha con respecto ao anterior.

CAPÍTULO 9 (PASIVOS FINANCEIROS)

Está previsto para este ano unha operación de préstamo (liña de crédito) para o financiamento de investimentos de 4.031.584,68 €

Asinado dixitalmente.- Carlos Calvelo Martínez
Alcalde-Presidente

CVD: Ot0IAj2CQa5kC30+2uBj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Bases de execución

ORZAMENTO 2023

CVD: E4f/39q4I4y2V8k8l+xQ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAPÍTULO I.- NORMAS XERAIS

Base 1ª.- Normas e principios xerais

1. Estas Bases establécense ao abeiro do disposto nos artigos 165.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e 9 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, co obxecto de adaptar ás disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias do Concello de Arteixo.

2. A aprobación, xestión, execución e liquidación do Orzamento xeral do Concello de Arteixo, así coma o exercicio do control interno, axustarase ás normas legais e regulamentarias e demais disposicións xerais que resulten de aplicación.

Base 2ª.- Ámbito de aplicación, vixencia e modificación

1. Estas Bases aplicaranse, con carácter xeral, ao Orzamento do Concello de Arteixo. Á sociedade mercantil Servizos Urbanos de Arteixo SL seranlle de aplicación nos termos que se especifiquen.

2. A vixencia das bases será a mesma que a do Orzamento xeral. No suposto da súa prórroga, seguirán a rexer durante o dito período.

3. A modificación das bases é competencia do Pleno, con suxeición aos mesmos procedementos e requisitos que a aprobación do orzamento.

Base 3ª.- Interpretación das Bases

As dúbidas que xurdan na súa aplicación resolveranse polo Pleno da Corporación, previo os informes da Secretaría ou da Intervención, segundo proceda.

CAPÍTULO II.- CONTIDO, ESTRUTURA E PRÓRROGA DO ORZAMENTO

Base 4ª.- Contido do Orzamento xeral

O Orzamento xeral para o exercicio 2023 está integrado polo Orzamento do Concello e polo estado de previsión de gastos e ingreso da sociedade mercantil de capital social integramente municipal. O seu importe é o seguinte:

	Gastos	Ingresos
Concello	65.810.000,00	65.810.000,00
Servizos Urbanos de Arteixo SL	4.494.098,05	4.494.098,05
Total	70.304.098,05	70.304.098,05

O resumo do estado de consolidación do Orzamento xeral é o seguinte:

	Gastos	Ingresos
Concello	65.091.422,70	65.810.000,00
Servizos Urbanos de Arteixo SL	4.494.098,05	3.775.520,75
Total	69.585.520,75	69.585.520,75

Base 5ª.- Estrutura orzamentaria

1. A estrutura do orzamento xeral do Concello axústase á Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo

2. Os créditos do estado de gastos presentan o seguinte detalle:

CVD: E4f/39q4I4y2V8k8l+xQ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

a) Clasificación por programas, con tres ou catro niveis de desagregación: Área de gasto, política de gasto, grupo de programas e programas, no seu caso
b) Clasificación económica, con catro niveis de desagregación: capítulo, artigo, concepto e subconcepto.

A aplicación orzamentaria, definida pola conxunción das clasificacións por programas e económica, constitúe a unidade sobre a que se efectuará o rexistro e control contable dos créditos e as súas modificacións, así coma as operacións de execución do gasto. O control fiscal realizarase ao nivel da vinculación xurídica establecida nestas bases.

3. Os ingresos clasifícanse, atendendo á súa natureza económica, en capítulos, artigos, concepto e subconceptos.

4. Para todos os efectos, consideraranse incluídos nos estados de gastos do Orzamento xeral do Concello, con crédito inicial por importe de cero euros, cando exista crédito ao nivel de vinculación xurídica correspondente, todas as aplicacións orzamentarias que, estando definidas e codificadas pola Orde que establece a estrutura orzamentaria das entidades locais, non dispuxeran de crédito específico.

Do mesmo xeito, consideraranse comprendidos no estado de ingresos do Orzamento xeral do Concello, con previsión inicial de cero euros, todos os conceptos e subconceptos definidos na dita Orde que non aparezan expresamente consignados neste.

Base 6ª.- Prórroga do orzamento

1. Se ao inicio do exercicio económico do ano 2024 non tivese entrado en vigor o orzamento correspondente ao devandito exercicio, considerarase automaticamente prorrogado o do ano 2023 ata o límite dos créditos iniciais.

2. A prórroga non lle afectará aos créditos para gastos correspondentes a servizos ou proxectos de investimentos que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con operacións crediticias e outros ingresos específicos ou afectados, que exclusivamente se percibisen no devandito exercicio.

3. A determinación das correspondentes aplicacións orzamentarias do estado de gastos que non son susceptibles de prórroga, por estaren comprendidas nalgún dos supostos do parágrafo anterior, será establecida por decreto do alcalde, previo informe da Intervención. Igualmente, poderase acumular na correspondente resolución os acordos sobre incorporación de remanentes na forma prevista nos artigos 47 e 48 do RD 500/1990.

4. Delégase na Alcaldía a declaración de créditos non dispoñibles, coa exclusiva finalidade de axustar os créditos iniciais do orzamento prorrogado ás previsións contempladas no proxecto de orzamento pendente de aprobación.

5. Mentres dure a vixencia da prórroga poderanse aprobar as modificacións orzamentarias previstas na lei. Aprobado o novo orzamento, deberán efectuarse os axustes necesarios para darlle cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia da prórroga orzamentaria.

CAPÍTULO III.- DOS CRÉDITOS E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

Base 7ª Nivel de vinculación xurídica dos créditos

1. Dentro de cada nivel de vinculación xurídica, os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que foron aprobados no orzamento ou nas súas modificacións debidamente aprobadas.

2. Con carácter xeral, o nivel de vinculación xurídica dos créditos será o seguinte:

CVD: E4f/39q4I4y2V8k8l+xQ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

a) Clasificación por programas: A nivel de política de gasto (dous primeiros díxitos).
b) Clasificación económica: A nivel de artigo (dous primeiros díxitos).

3. Establécense as seguintes excepcións ao nivel xeral de vinculación xurídica dos créditos:

a) Créditos dos programas 153, 162, 163, 165, 924 e 931: A nivel de programa (tres díxitos) e de artigo (dous díxitos).
b) Créditos dos subconceptos 150.00 e 151.00: A nivel de política de gasto (dous díxitos) e subconcepto (cinco díxitos).
c) Crédito do subconcepto 130.01: A nivel de política de gasto (dous díxitos) e subconcepto (cinco díxitos).
d) Créditos das aplicacións orzamentarias que prevexan subvencións nominativas e os declarados ampliables: Vincularán a nivel de desagregación da aplicación orzamentaria.
e) Nos proxectos de gastos con financiamento afectado, terase en conta a vinculación do propio proxecto, por regra xeral ,e agás que o servizo xestor o solicite, serán vinculantes en si mesmos.

4. Nos supostos nos que, existindo dotación orzamentaria para un ou varios conceptos dentro do nivel de vinculación xurídica establecida, se pretenda imputar un gasto a subconceptos do mesmo nivel de vinculación cuxas aplicacións no figuren abertos no estado de gasto, non será precisa a modificación de créditos conforme establécese na base 5.4ª.
A creación desas aplicacións orzamentarias realizarase pola Intervención cando se reciba a proposta de gasto asinada polo encargado do servizo de que se trate e o concelleiro delegado da área ou o ficheiro de nómina, de tratarse de gastos de persoal.
No primeiro documento contable que se tramite deberá constar tal circunstancia indicando que se trata da primeira operación imputada ao concepto ou subconcepto.

Base 8ª.- Situación dos créditos

1. Os créditos consignados no orzamento de gastos así coma os procedentes das modificacións orzamentarias poden estar, con carácter xeral, en calquera das situacións seguintes:

a) **Créditos dispoñibles**: O principio xeral é o da dispoñibilidade de todos os créditos que figuren no orzamento, agás os gastos que se financiaran, total ou parcialmente, mediante subvencións, achegas doutras institucións ou operacións de crédito que queden en situación de créditos non dispoñibles até que se formalice o compromiso por parte das entidades que concedan a subvención ou o crédito.
b) **Créditos retidos pendentes de utilización**: Cando a contía do gasto, ou a complexidade da preparación do expediente o aconsellen, o concelleiro da área xestora poderá pedir a retención de créditos dunha aplicación orzamentaria. Recibida a solicitude expedirase, se é o caso, a certificación de existencia de crédito.
c) **Créditos non dispoñibles:** cando unha Tenencia de Alcaldía ou Concellería considere necesario declarar non dispoñible, total ou parcialmente, un crédito dunha aplicación orzamentaria da que é responsable da súa execución, formulará proposta razoada que se conformará pola Concellería de Asuntos Económicos. A declaración de non dispoñibilidade de créditos así como tamén a súa reposición a dispoñible correspóndelle ao Pleno. A cargo do saldo declarado non dispoñible non se poderán acordar autorizacións de gastos nin transferencias e o seu importe non pode ser incorporado ao orzamento do exercicio seguinte.

2. A retención de crédito trátase dun acto mediante o cal se expide, respecto dunha aplicación orzamentaria, unha certificación de existencia de saldo suficiente para a autorización dun gasto ou dunha transferencia de crédito por un importe determinado, polo que se produce unha reserva para dito gasto ou transferencia. A regulación das retencións de crédito establécese nos artigos 31 e 32 do RD 500/1990.

3. É competencia da Intervención municipal a expedición de certificacións de existencia de crédito.

4. Gastos de carácter plurianual. A autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual

CVD: E4f/39q4I4y2V8k8l+xQ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

subordinaranse ó crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

Os ditos gastos estarán sometidos ás limitacións establecidas nos artigos 174 do TRLRFL e 79 a 88 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

Nos casos de investimentos e transferencias de capital ou correntes, o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros non poderá exceder da contía que resulte de aplicar ó crédito inicial correspondente no ano en que se adquira o compromiso en firme as seguintes porcentaxes: No exercicio inmediato seguinte o 70%, no 2º exercicio o 60% e no 3º e 4º exercicios o 50%.

No suposto de que os ditos investimentos ou transferencias de capital ou correntes deriven de convenios de cofinanciamento que se van subscribir con entes públicos ou privados, as porcentaxes e contías serán as que neles se determinen. Así mesmo, no suposto de que os gastos plurianuais se financiaren con aportacións de terceiros distintos aos anteriores mediante convenio ou subvencións, as porcentaxes e contías serán as que nestes se determine.

Os gastos plurianuais incluídos no vixente Anexo de inversións quedan aprobados coas porcentaxes que se derivan das dispoñibilidades orzamentarias e os compromisos de habilitación orzamentaria que sexan esixibles.

Base 9ª.- Créditos extraordinarios e suplementos de crédito

1. Cando deba realizarse algún gasto específico e determinado que non se poida demorar até o exercicio seguinte e non exista crédito ou o consignado sexa insuficiente e non ampliable, pódese acordar a habilitación ou suplemento de crédito que corresponda.

2. Estas modificacións orzamentarias poderanse financiar:

a) Con cargo ao remanente líquido de tesourería.
b) Con novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente, previa a acreditación de que o resto dos ingresos se efectúan con normalidade, agás que teñan carácter finalista.
c) Con anulacións ou baixas dos créditos de aplicacións do Orzamento de gastos non comprometidos, sempre que se estimen reducibles sen perturbación do servizo.
d) Con recursos procedentes de operacións de crédito para os gastos de investimento.
e) Excepcionalmente, poderase recorrer a operacións de crédito para financiar novos ou maiores gastos por operacións correntes, ao abeiro do previsto no artigo 177.5 do TRLRFL e coas formalidades que se establecen no artigo 36.3 do R.D. 500/1990.

3. O expediente iniciarase mediante proposta da Alcaldía ou da Concellería de Asuntos Económicos xustificativa da necesidade de realizar o gasto no exercicio e acreditando a imposibilidade de demoralo ao seguinte, o seu carácter específico e determinado e a insuficiencia do crédito no nivel de vinculación xurídica que corresponda.

4. O expediente, previo informe da Intervención e ditame da Comisión de Asuntos Económicos, deberase someter á aprobación do Pleno Municipal, aplicándose as mesmas normas sobre información, aprobación, reclamacións e publicidade dos orzamentos.

Base 10ª.- Créditos ampliables

1. Os créditos que se indican considerararanse ampliables polo importe dos dereitos recoñecidos que exceda da previsión inicial do correspondente subconcepto do estado de ingresos:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Subconcepto ingresos	Descrición
931.227.08	Taxa recaudación	112.00	IBI RUSTICA
931.227.08	Taxa recaudación	113.00	IBI URBANA
931.227.08	Taxa recaudación	114.00	IBI CARAC.ESPEC
931.227.08	Taxa recaudación	115.00	IVTM

CVD: E4f/39q4I4y2V8k8l+xQ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

931.227.08	Taxa recaudación	116.00	IVTNU
931.227.08	Taxa recaudación	130.00	IAE

2. Previo informe da Intervención, os expedientes de ampliación de crédito aprobaranse mediante resolución da Alcaldía ou órgano competente por delegación, que será inmediatamente executiva. No expediente deberase acreditar o recoñecemento de maiores dereitos sobre os previstos no correspondente subconcepto de ingresos.

Base 11ª.- Transferencias de crédito

1. Os créditos dispoñibles das diferentes aplicacións orzamentarias poden ser transferidos a outras con distinta vinculación xurídica, sempre que a súa redución non afecte ao funcionamento dos servizos.

2. As transferencias de crédito están suxeitas as seguintes limitacións:

a) Non afectarán aos créditos ampliables nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio.
b) Non se poderán minorar os créditos que se incrementaran con suplementos o transferencias, agás cando afecten aos créditos de persoal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes de tesourería non comprometidos procedentes de orzamentos pechados.
c) Non incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias ou baixas por anulación, se minoraran, agás cando afecten a créditos de persoal.

Estas limitacións non afectarán ás transferencias de crédito que se refiran aos programas de imprevistos ou funcións non clasificadas nin serán de aplicación cando se trate de transferencias motivadas por reorganizacións administrativas aprobadas polo Pleno.

3. A incoación do expediente realizarase pola Alcaldía o Concellería de Asuntos Económicos, xustificando a necesidade da medida, e ao expediente deberase achegar certificado de existencia de crédito nas aplicacións orzamentarias que se propón minorar.

4. A aprobación dos expedientes de transferencias de crédito corresponde, previo informe da Intervención:

a) Ao Pleno, se se trata de transferencias entre créditos de distinta área de gastos, agás cando as altas e baixas se refiran a gastos de persoal.
b) Á Alcaldía ou órgano competente por delegación, no resto de transferencias.

5. Na tramitación dos expedientes de transferencia de crédito autorizados polo Pleno serán de aplicación as mesmas normas sobre información, reclamacións e publicidade do Orzamento. Nos autorizados pola Alcaldía as resolucións serán inmediatamente executivas desde o momento no que se dite a resolución de aprobación.

Base 12ª.- Xeración de créditos

1. Poderán xerar crédito no estado de gastos dos orzamentos os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións:

a) Achegas ou compromisos firmes de achega de persoas físicas ou xurídicas para financiar, integramente ou xuntamente co concello, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nas fins e obxectivos dos mesmos.
b) Alleación de bens propiedade do concello.
c) Prestación de servizos.
d) Reembolso de préstamos.

2. Nos supostos a) e b) será requisito indispensable para que se poida xerar crédito, que se de o

CVD: E4f/39q4I4y2V8k8l+xQ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

acto formal de compromiso firme de achega ou de recoñecemento do dereito, extremos que deben acreditarse no expediente. Nos supostos c) e d) a xeración producirase no momento do recoñecemento do dereito, aínda que a dispoñibilidade dos créditos estará condicionada á efectiva recadación dos dereitos.

3. Os expedientes de xeración de créditos deberán ser incoados e propostos pola Alcaldía ou Concellería delegada de Asuntos Económicos e aprobados pola Alcaldía ou órgano competente por delegación, previo informe de Intervención no que se deixe constancia da correlación entre o ingreso e o crédito xerado.

Base 13ª.- Incorporación de remanentes

1. En virtude do principio de anualidade, con cargo aos créditos do estado de gastos só se poderán contraer obrigas derivadas de gastos que se realicen no ano natural, agás nos supostos de liquidacións de atrasos ao persoal e de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. Como consecuencia deste principio, os créditos que no derradeiro día do exercicio non estean afectados ao cumprimento de obrigas recoñecidas quedarán anulados de pleno dereito, agás nos supostos nos que proceda a súa incorporación ao orzamento do exercicio seguinte.

2. Poderán ser incorporados aos correspondentes créditos do estado de gastos do exercicio inmediato seguinte, os remanentes de crédito non utilizados procedentes de:

a) Créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito aprobados no derradeiro trimestre do exercicio.
b) Créditos que amparen disposicións ou compromisos de gastos debidamente adquiridos no exercicio anterior.
c) Créditos por operacións de capital.
d) Os créditos autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados.

3. Os remanentes de crédito que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente ao exercicio seguinte sen que lles sexan aplicables as normas de limitación do número de exercicios, agás que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto, ou ben se faga imposible a súa realización.

4. En ningún caso serán incorporables os créditos declarados non dispoñibles nin os remanentes de crédito incorporados no exercicio que se liquida, agás os financiados con recursos afectados.

5. A incorporación de remanentes requirirá a existencia de suficientes recursos financeiros, considerándose como tales o remanente líquido de Tesourería e novos ou maiores dereitos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, os excesos de financiamento e os compromisos firmes de achega no caso de gastos con financiamento afectado.

6. O expediente de incorporación poderase tramitar unha vez que se coñeza a situación dos remanentes e será incoado e proposto pola Alcaldía ou Concellería de Asuntos Económicos e aprobado pola Alcaldía ou órgano competente por delegación, previo informe de Intervención.

7. A Alcaldía establecerá a prioridade de actuacións nos casos nos que os recursos financeiros non cubran o volume de gasto a incorporar.

8. A incorporación de remanentes de crédito poderá financiarse con remanente líquido de tesourería ou con ingresos maiores recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente.

Base 14ª.- Baixas por anulación

1. Poderá darse de baixa por anulación calquera crédito do estado de gastos até a contía correspondente ao saldo de crédito sempre que a dotación se estime reducible sen perturbación do respectivo servizo.

CVD: E4f/39q4I4y2V8k8l+xQ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2. As baixas por anulación poderán acordarse cos seguintes fins:
   a) Financiamento de remanentes de tesourería negativos.
   b) Limitación da dispoñibilidade dos créditos.
   c) Financiamento de créditos extraordinarios ou suplementos de crédito.
   d) A execución doutros acordos do Pleno.

3. O expediente de baixas por anulación deberá ser incoado pola Alcaldía ou Concellería de Asuntos Económicos e aprobado polo Pleno da Corporación, previo informe da Intervención e ditame da Comisión informativa de Asuntos Económicos.

CAPÍTULO IV.- A XESTION ORZAMENTARIA E CONTABLE

Base 15ª.- Configuración do sistema de xestión orzamentario e contable

1. O sistema de xestión orzamentaria e contable do Concello configúrase como un sistema de rexistro, elaboración e comunicación de información sobre a actividade económico-financeira e orzamentaria desenvolvida durante o exercicio contable, de acordo co establecido no TRLRFL e na Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

2. O obxecto do sistema orzamentario e contable é rexistrar todas as operacións de natureza orzamentaria, económica, financeira e patrimonial que se produzan, a través de estados e informes e reflectir a imaxe fiel do seu patrimonio, da súa situación financeira, dos seus resultados e da execución do seu orzamento.

Base 16ª.- Fins do sistema de xestión orzamentario e contable

1. Os fins do sistema contable municipal son os especificados no artigo 205 do TRLRFL e na regra 13 do modelo normal do sistema de información contable para a administración local (en diante SICAL-Normal), que se pode desagregar en:

a) Fins de xestión:
   - subministrar información económica e financeira para a toma de decisións políticas e de xestión;
   - establecer o balance da entidade: composición, situación e variacións e determinar os resultados económico-patrimoniais;
   - determinar os resultados analíticos e o custo e rendemento dos servizos;
   - mostrar a execución do orzamento e o resultado orzamentario;
   - poñer de manifesto os movementos e situación da Tesourería;
   - e posibilitar o inventario, o control do endebedamento e o seguimento individualizado dos debedores e acredores.

b) Fins de control:
   - posibilitar a formación da conta xeral e os estados e contas a remitir aos órganos de control externo;
   - e posibilitar o exercicio dos controis de legalidade, financeiro e de eficacia.

c) Fins da análise e divulgación:
   - facilitar a información para a confección das contas nacionais do subsector de administracións públicas e as estatísticas económico-financeiras por parte do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas;
   - e subministrar información de utilidade a asociacións, institucións, empresas e cidadáns en xeral.

Base 17ª.- Funcións da Intervención xeral como central contable única.

1. Centralizar a recepción de información xerada polas áreas xestoras dos gastos, a Tesourería municipal e a propia Intervención. No exercicio das funcións contables que se establecen no artigo 204 do TRLRFL e na regra 9 do SICAL-Normal será a unidade responsable de:

a) Levar e desenvolver a contabilidade financeira e a de execución do orzamento da entidade de acordo coa Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, as demais normas de carácter

CVD: E4f/39q4I4y2V8k8l+xQ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

xeral que dite o Ministerio de Facendas e Administracións Públicas e as ditadas polo Pleno do Concello.

b) Formar a conta xeral.
c) Formar os estados integrados e consolidados das contas, de acordo coas directrices aprobadas polo Pleno.
d) Coordinar as funcións ou actividades contables da entidade local, emitindo as instrucións técnicas oportunas e inspeccionando a súa aplicación
e) Organizar un adecuado sistema de arquivo e conservación da documentación contable que permita poñer a disposición dos órganos de control os xustificantes, documentos, contas ou rexistros do sistema de información contable solicitados nos prazos requiridos.
f) Elaborar a información a que se refire o artigo 207 do TRLRFL e remitila ao Pleno, por conduto da Presidencia, nos prazos e coa periodicidade establecida.
g) Elaborar e determinar a estrutura do avance da liquidación do orzamento.

Base 18.- Fases na xestión do estado de gastos e órgano competente para a súa aprobación.

1. A xestión dos créditos incluídos no estado de gastos do orzamento realizarase nas seguintes fases:

a) Autorización do gasto: É o acto mediante o que se acorda a realización dun gasto determinado, por unha contía certa ou aproximada, reservando para tal fin a totalidade ou parte dun crédito orzamentario. Con carácter previo a aprobación do gasto poderase realizar a retención de crédito correspondente.
b) Disposición ou compromiso do gasto: É o acto polo que se acorda a realización de gastos previamente autorizados, por un importe exactamente determinado. Constitúe un acto de relevancia xurídica para con terceiros, obrigando ao concello á súa execución.
c) Recoñecemento e liquidación da obriga: É o acto mediante o que se declara a existencia dun crédito esixible contra o concello, derivado dun gasto autorizado e comprometido.
d) Ordenación do pagamento: É o acto mediante o que o ordenador de pagamentos, existindo previamente unha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesouraría municipal.

2. A distribución de competencias para ditar o correspondente acto administrativo de aprobación de cada unha das fases é a seguinte:

a) Dentro do importe dos créditos aprobados no estado de gastos corresponderalle á Intervención a retención de créditos, segundo os expedientes de gasto ou modificacións de créditos que se vaian acordar.
b) A aprobación e disposición de gastos correspóndelle á Alcaldía ou ao Pleno da Corporación nos termos da Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), competencias delegadas nos termos do Decreto 1603/2020.
c) Correspóndelle á Alcaldía o acto de recoñecemento e liquidación de todas as obrigas, calquera que sexa a súa contía e respecto de tódalas áreas municipais.
d) Correspóndelle á Alcaldía a ordenación de todos os pagamentos contra a Tesourería municipal.

Base 19ª.- Acumulación de fases de gasto

1. As fases de gastos de aprobación, de disposición ou compromiso de gasto e de recoñecemento de obriga poderanse acumular nos seguintes supostos:

a) Autorización – Disposición (AD) para os compromisos de gasto legalmente adquiridos. Pertencen a este grupo os seguintes gastos:
   - Gastos de persoal.
   - Gastos plurianuais, polo importe da anualidade comprometida.
   - Alugueres.
   - Contratos menores
   - Cotas ordinarias de comunidades de propietarios.
   - Subvencións de concesión directa, en calquera dos casos previstos no artigo 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
   - Modificacións de contratos ou convenios.

CVD: E4f/39q4I4y2V8k8l+xQ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Prórrogas de contratos ou convenios.
- Expedientes de revisión de prezos derivados de contratos ou convenios.
- Encargos de xestión a medios propios.
- Dotacións económicas aos grupos políticos municipais.
- Prezos xustos, xuros e demais gastos relativos aos expedientes de expropiación.

b) Autorización – Disposición – Recoñecemento da obriga (ADO): Poderá empregarse, entre outros, nos seguintes supostos:
   - Anticipos de caixa fixa e pagamentos a xustificar
   - Nóminas e seguridade social.
   - Axudas de custo, gastos de viaxe, asistencias a órganos colexiados e outras indemnizacións a membros corporativos ou ao persoal funcionario e laboral.
   - Anticipos reintegrables ao persoal
   - Xuros, comisións, amortizacións, gastos de formalización de operacións de crédito e outros gastos financeiros.
   - Certificacións finais de obra e liquidación de contratos.
   - Axudas de emerxencia.
   - Gastos de publicación de anuncios en boletíns oficiais.
   - Cotas extraordinarias de comunidades de propietarios.
   - Recoñecemento de obrigas derivadas de compromisos debidamente adquiridos en exercicios anteriores que se apliquen ao vixente.
   - Recoñecementos extraxudiciais de crédito.
   - Execución de sentencias xudiciais.

2. O acto administrativo que acumule dúas ou máis fases producirá os mesmos efectos ca se as devanditas fases se acordaran en actos administrativos separados. En calquera caso, o órgano que adopte o acordo deberá ter competencia para acordar todas e cada unha das fases que se acumulen.

Base 20ª.- Procedemento e requisitos para o recoñecemento e liquidación das obrigas

1. Antes do recoñecemento e liquidación da obriga acreditarase documentalmente, perante o órgano competente a realización da prestación ou o dereito do acredor, de conformidade cos acordos que no seu día autorizaron e comprometeron o gasto.

2. Todos os provedores que entregaran bens ou prestaran servizos ó Concello de Arteixo, deberán expedir e remitir factura electrónica en formato *facturae*, sexa cal for o seu importe, coa única excepción para aqueles que no estean obrigados a facelo en virtude do disposto no art. 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro.
O punto xeral de entrada de facturas electrónicas con formato *Facturae,* dirixidas ao Concello de Arteixo é o configurado na plataforma electrónica "FACe: Punto Xeral de entrada de facturas electrónicas", da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Función Pública (Resolución da Presidencia da Deputación núm. 11.523, do 18 de xuño de 2014).
Os provedores que non tendo a obriga de presentar factura electrónica de conformidade co art.4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, renuncien á presentación en formato facturae, estarán obrigados a presentalas a través de medios electrónicos sempre que encaixen nas distintas tipoloxías de suxeitos regulados no art.14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, dándose traslado ó departamento de intervención.
En calquera caso, todos os provedores deberán presentar as súas facturas identificando os órganos da administración a cal se dirixen segundo as distintas relacións entre Órgano decisorio - Unidade contable - Unidade tramitadora que figuren operativas na plataforma FACe ao devandito efecto (https://face.gob.es/es/directorio/administraciones/L02000015/relaciones)

Para dar cumprimento ao establecido no apartado anterior e na normativa de aplicación, procede:
a) Que no prego de cláusulas administrativas, no cadro de características do contrato ou na resolución de adxudicación nos contratos menores, se recolla a identificación do órgano decisorio, da unidade contable e da unidade tramitadora que proceda, co código DIR3 correspondente.
b) Que as unidades xestoras comuniquen aos provedores non obrigados a facturar electronicamente ou non sometidos a contrato, os códigos DIR3 que se han incluír na factura

CVD: E4f/39q4I4y2V8k8l+xQ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

segundo cada caso particular.

Sobre a base da información do rexistro contable de facturas, o Concello de Arteixo, proporcionará información sobre o estado das facturas aos provedores a través do respectivo punto xeral de entrada FACe. Os estados que obrigatoriamente se comunicarán, serán como mínimo, os seguintes: se a factura foi rexistrada no rexistro contable de facturas, se foi contabilizada a obriga recoñecida, se foi pagada, anulada e/ou rexeitada

3. Unha vez rexistradas as facturas na contabilidade o Departamento de Intervención dirixirase aos distintos departamentos municipais para obter a conformidade do/a concelleiro/a responsable e, se procede, do persoal técnico competente, agás imposibilidade debidamente xustificada. As factuas conformadas, someteranse á perceptiva fiscalización. No caso de que non reciban a conformidade do/a concelleiro/a responsable e, no seu caso, do/a técnico competente, o departamento correspondente será o responsable da devolución da mesma ao provedor, manifestándolle os defectos materiais da prestación, os defectos formais do documento ou a inexistencia da prestación.

4. **A**s facturas e certificacións de obras fiscalizadas serán elevadas ao órgano competente para a súa aprobación.

5. Os documentos xustificativos para o recoñecemento das obrigas por realización de obras, subministracións ou servizos deberán conter, como mínimo, os seguintes datos:

a) Identificación do Concello de Arteixo, achegando o seu CIF e especificando o departamento ou servizo destinatario da prestación.
b) Identificación completa do provedor ou contratista.
c) Número da factura.
d) Descrición suficiente da subministración realizada ou do servizo prestado.
e) Sinatura do contratista.
f) Determinación en euros do importe total da contraprestación e, no seu caso, desagregación do IVE correspondente.
g) Tratándose de obras deberase presentar, conxuntamente coa factura, a certificación de obra correspondente axustada ao modelo tipo aprobado polo concello e, ademais da sinatura do director da obra, deberán ter a conformidade do técnico correspondente do Departamento de Obras. En cada certificación deberán detallarse as relacións valoradas nas que se baseen, que terán a mesma estrutura que o orzamento da obra.

Base 21ª.- Ordenación de pagamentos

1. A ordenación de pagamentos das obrigas previamente recoñecidas corresponderalle á Alcaldía, sen prexuízo da posibilidade de delegación noutro órgano municipal.

2. As ordes de pagamento deberán acomodarse ao plan de disposición de fondos da Tesourería que se estableza pola Alcaldía, que, en todo caso, deberá dispor a prioridade dos xuros e o capital da débeda pública, os gastos de persoal e as obrigas contraídas en exercicios anteriores.

3. As relacións contables de ordes de pagamento constitúen o acto administrativo da ordenación e recollerán, para cada obriga, os seus importes bruto e líquido, a identificación do acredor e a aplicación ou aplicacións orzamentarias ás que se imputen as operacións.
Porén, a ordenación de pagamentos poderá efectuarse individualmente respecto de obrigas específicas e concretas.

Base 22ª.- O pagamento material ou en formalización

1. Entenderanse liberadas as débedas municipais no momento no que a entidade financeira correspondente dilixencie a orde de transferencia bancaria e/ou documento equivalente.

2. Os perceptores das correspondentes transferencias ou pagamentos, en concepto de acredores directos e, polo tanto, titulares dos créditos contra a administración municipal, poderán ser:

CVD: E4f/39q4I4y2V8k8l+xQ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

a) Unha ou máis persoas físicas, nos termos que prevé o Código Civil.
b) Persoas xurídicas, nos termos que prevé o ordenamento xurídico, sempre que estean debidamente inscritas no rexistro público correspondente.
c) Comunidades de bens, agrupacións, unións temporais de empresa, agrupacións económicas independentes, que estean admitidas na lexislación fiscal ou na normativa sobre contratación administrativa.
d) Cando se trate de establecementos comerciais ou industriais, marcas, centros ou outro tipo de acredores que non teñan personalidade xurídica propia, a orde de pagamento e pagamento material será realizado a favor das persoas físicas ou xurídicas que teñan a titularidade, o que deberá xustificarse ante a Tesourería Municipal mediante a presentación do correspondente documento que o acredite.

3. Poderanse empregar os seguintes medios de pagamento:

a) **Pagamento por transferencia:** O medio de pagamento do Concello de Arteixo será a transferencia bancaria, na que figure como beneficiario o acredor e coma conta de aboamento a indicada polo mesmo no impreso de "Designación de Conta Bancaria" da que o modelo vixente en cada momento está a disposición na web municipal, que deberá ser validado pola entidade financeira correspondente e que está adaptado as directrices da SEPA. Os cambios de conta corrente deberán notificárselle á Tesouraría nun prazo non superior a quince días desde a operatividade da mesma.
As transferencias deberán estar autorizadas pola Alcaldía, a Intervención e a Tesourería, debendo constar no documento a entidade financeira e a data de realización da transferencia.
b) **Pagamento por cheque:** Excepcionalmente, a Tesourería podería admitir a forma de pago mediante cheque ou talón bancario nominativo a favor do acredor do Concello, que será asinado polas persoas titulares da Alcaldía ou órgano no que delegue, a Intervención e a Tesourería alcalde.
O pagamento por cheque será en todo caso a petición da persoa interesada indicando os motivos excepcionais nos que a basea. Se a Tesouraría non os considerase suficientes ou constara un número de conta bancaria do interesado, o pago efectuarase mediante transferencia.
c) **Pagamento mediante o cargo en conta bancaria:** Só se admitirá, de xeito excepcional, o pagamento mediante cargo en contas operativas das obrigas correspondentes aos xuros e á amortización de préstamos ou de débeda emitida. Noutro suposto, deberase valorar pola Tesourería a conveniencia da súa devolución e a constitución de anticipos de caixa fixa ou expedición de ordes de pagamento a xustificar para a corrección desta irregularidade.
Cando a Tesourería teña coñecemento de tales cargos, procederá a súa devolución ou, noutro caso, a comunicalo á Intervención, para que se efectúe a expedición das correspondentes ordes de pagamento.
d) **Pagamento en formalización:** Aparte do pagamento material, en aplicación do disposto na Instrución de contabilidade para a administración local, poderanse realizar pagamentos en formalización, sen saída material de fondos, nos casos que se prevén na normativa citada.
Así mesmo, poderán realizarse pagamentos por compensación, sempre que se cumpran os requisitos que se determinan nas normas orzamentarias e tributarias vixentes. Para tal fin, as ordes de pagamento deberán ir acompañadas da resolución que acorde a dita compensación.

CVD: E4f/39q4I4y2V8k8l+xQ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Base 23ª.- A cesión dos dereitos de cobramento de certificacións e facturas

1. Cando o acredor directo pretenda ceder ou endosar a un terceiro o dereito de cobramento que ostenta contra a administración, nos termos previstos no artigo 200 da LCSP, deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que se teña aprobado o recoñecemento da obrigación a prol do cedente. De non ser o caso, constará expresamente na toma de razón que ata a súa aprobación polo órgano municipal competente non existe crédito esixible fronte a esta administración.
b) Comunicación fidedigna á administración municipal, que só se acreditará coa toma de razón do interventor, alcalde e tesoureiro no reverso da factura ou certificación de obra que pretende endosarse, ou ben co mecanismo que se estipule para as facturas electrónicas, debendo exhibirse e achegarse neste acto o poder suficiente co que actúa o cedente.
c) Cedente e cesionario terán que estar identificados cos datos seguintes:
    - nome e apelidos, NIF ou CIF.
    - enderezo.
    - número de oficina, no caso de entidades financeiras.
    - nome e apelidos, DNI ou NIF, no caso de representante ou apoderado.
d) No documento de cesión farase constar o número de conta corrente, con todos os díxitos, na que o cesionario desexe recibir a transferencia polo importe da certificación ou factura obxecto da cesión.

2. Non se aceptarán cesións xerais por todo un contrato, nin cesións de futuro. A cesión deberase efectuar para cada certificación e factura en concreto.

3. Cumpridos todos os trámites e requisitos sinalados nestas normas, a orde de pagamento da certificación ou da factura cedida debe de ser expedida a favor do cesionario en calidade de endosatario, figurando como terceiro titular o nome do cedente.

Base 24ª.- Ordes de pagamento a xustificar

1. De acordo co disposto no artigo 190 do TRLRFL e nos artigos 69 a 72 do RD 500/1990, as ordes de pagamento ás que non se poidan achegar os documentos xustificativos no momento da súa expedición, terán o carácter de "a xustificar" e axustaranse ás seguintes normas:

2. Expediranse a cargo dos correspondentes créditos orzamentarios e acomodaranse ao Plan de disposición de fondos da Tesourería.

3. A súa expedición será aprobada polo órgano competente para a autorización e disposición do gasto, previo informe de Intervención e unha vez que o solicitante expoña e acredite as circunstancias polas que non se poden achegar os documentos xustificativos antes da orde de pagamento. Aprobada a realización do pagamento, serán expedidos os correspondentes documentos contables, achegando cos mesmos unha folla na que figuren as prevencións e instrucións xerais asinada polo interventor e co “recibín” asinado polo perceptor.

4. O xustificante de calquera pagamento feito efectivo mediante fondos procedentes de ordes de pagamento a xustificar será preferiblemente a factura do provedor correspondente.

5. Serán aplicables só aos conceptos orzamentarios dos capítulos 2 e 4 do estado de gastos e ao artigo 62, no caso de adquisición de inmobilizado.

6. Cada orde de pagamento non pode exceder do importe de 10.000€, agás para gastos derivados de actuacións artísticas que contrate directamente o concello ou para adquisición de inmobilizado.

7. O perceptor do pagamento a xustificar deberá render contas das cantidades gastadas, no prazo de tres meses, en todo caso antes do 31 de decembro do correspondente exercicio, perante a Intervención municipal, mediante facturas orixinais nas que conste o "recibín" do provedor e o "conforme" do concelleiro-delegado correspondente. A conta, cos documentos xustificativos e o informe da Intervención, someteranse ao órgano competente para a súa aprobación. Cando non se

CVD: E4f/39q4I4y2V8k8l+xQ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

xustifique a totalidade dos fondos recibidos procederase ao reintegro dos percibidos en exceso, achegando á conta xustificante do ingreso efectuado.

8. O rexistro contable dos pagamentos aos acredores finais efectuarase con ocasión da presentación dos xustificantes de ditos pagamentos na oficina contable.

9. A custodia dos fondos será responsabilidade dos perceptores.

10. A Tesourería levará un libro de rexistro das ordes de pagamento expedidas co carácter de a xustificar, co nome do perceptor, a cantidade pagada e a data máxima para xustificación, debendo comunicarlle á Intervención o vencemento do devandito prazo co fin de que se requira ao perceptor para que proceda á inmediata xustificación. Transcorrido o prazo sen xustificación incoarase o correspondente procedemento administrativo de reintegro por alcance nos fondos públicos.

11. Non se poderá expedir unha nova orde de pagamento a xustificar a favor dun perceptor que teña fondos sen xustificar dunha orde anterior polo mesmo concepto.

Base 25ª.- Anticipos de caixa fixa

1. Terán a consideración de anticipos de caixa fixa as provisións de fondos de carácter non orzamentario e permanente que se fagan a un habilitado para a atención inmediata e posterior aplicación ao orzamento do ano en que se realicen, dos gastos correntes periódicos e repetitivos.

2. Co anticipo de caixa fixa o habilitado poderá atender os gastos imputables a calquera das partidas dos artigos 21, 22, 23 e, no seu caso, artigo 48, da clasificación económica do Estado de gastos.

3. Os límites cuantitativos dos anticipos son os seguintes:

a) Globalmente os anticipos non poderán exceder no exercicio de 15.000 €
b) Individualmente, cada anticipo non poderá exceder de 3.000 €

4. Os fondos destinados ao pagamento de anticipos de caixa fixa ingresaranse na conta corrente restrinxida denominada “Concello de Arteixo conta corrente restrinxida de caixa fixa de Tesourería”. Esta conta figurará no estado de tesourería do Concello e o seu control efectuarase do seguinte xeito:

a) Trimestralmente, e como mínimo antes do 31 de decembro, a Tesourería presentará á Intervención un estado de situación da conta corrente de anticipo de caixa fixa, onde figuren o saldo inicial da conta do período anterior, os ingresos e os pagamentos realizados. Tamén se acompañarán os extractos bancarios e un estado de conciliación se houbese discrepancias entre o saldo bancario e o saldo da conta de anticipos de caixa fixa.
b) A Intervención procederá, se procede, á formalización contable dos xuros que se devindicaran.

5. Os perceptores dos anticipos renderán contas dos gastos atendidos cos mesmos a medida que as necesidades de liquidez aconsellen a reposición dos fondos utilizados e, en todo caso, no mes de decembro de cada ano. As contas cos seus xustificantes serán aprobadas polo órgano competente que autorizou o gasto, previo informe da Intervención.

A fiscalización dos anticipos de caixa realizarase pola Intervención previamente á reposición dos fondos. Para estes efectos, as facturas e comprobantes que servirán como xustificantes serán orixinais. Non se admitirán como xustificantes de anticipos de caixa fixa os albarás, co fin de evitar as duplicidades de pagamento cando o provedor presente a factura definitiva no concello.

6. De conformidade co establecido no artigo 219.1 do TRLRFL, os anticipos de caixa fixa non están sometidos a fiscalización previa. Establecerase un adecuado sistema de contabilización e control dos anticipos de caixa fixa a través do módulo específico da aplicación informática de contabilidade pública vixente.

CVD: E4f/39q4I4y2V8k8l+xQ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAPÍTULO V.- NORMAS ESPECÍFICAS PARA OS GASTOS DE PERSOAL, ASISTENCIAS, INDEMNIZACIÓNS E OUTROS GASTOS CORRENTES.

Base 26ª.- Réxime retributivo

1. As retribucións de todo o persoal funcionario, laboral e eventual, e dos membros da corporación con dedicación exclusiva ou parcial faranse efectivas consonte ás contías que resulten do Anexo de persoal que se achega no orzamento, así como segundo as normas legais e regulamentarias, acordos reguladores das condicións de traballo e acordos da Corporación sobre réximes de dedicación exclusiva e parcial.

2. O pagamento de toda clase de retribucións aos funcionarios, laborais, persoal eventual e membros da corporación efectuarase mediante nómina mensual, que se pechará o día 15 de cada mes e as alteracións que se produzan con posterioridade a esa data causarán efecto na nómina do mes seguinte. Do 15 ao 20 de cada mes, o departamento de Persoal confeccionará o documento nómina que, debidamente comprobado, asinado e dilixenciado, será trasladado, xunto con todo o expediente xustificativo, informes necesarios e variacións, á Intervención municipal antes do día 22 de cada mes. Como un documento adicional á nómina farase constar a relación das incidencias existentes respecto da nómina anterior.

3. Unha vez aprobada a nómina pola Alcaldía e fiscalizada pola Intervención, expediranse os documentos contables acreditativos do recoñecemento da obriga e da orde de pagamento, remitíndollos á Tesourería, para que proceda á confección dos documentos de transferencia bancaria.

Base 27.- Gratificacións, horas extraordinarias e produtividade

1. As gratificacións por servizos extraordinarios realizados fora da xornada laboral e as horas extraordinarias rexeranse polas seguintes normas:

a) Solicitude á Intervención de certificado ou informe de existencia de crédito na aplicación orzamentaria de imputación polo importe total da gratificación.
b) Solicitude do departamento interesado da autorización para a realización dos servizos ou traballos.
c) Informe do Departamento de Persoal que verifique a súa conformidade coa normativa aplicable e, en particular, o cumprimento da xornada legal de 37,5 horas no seu cómputo anual.
d) Autorización da Alcaldía ou órgano competente por delegación.
e) Xustificación do traballador dos traballos realizados, achegando unha relación detallada das hora e datas nas que prestou o servizos, co visto e prace da persoa responsable do departamento no que presta servizos e da Concellería a que se adscribe.
f) A gratificación será aprobada polo Alcalde.

2. A persoa funcionaria que desempeñe accidentalmente un posto de traballo reservado a funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional percibirá, como complemento de produtividade, a diferenza entre as retribucións complementarias do seu posto e as do desempeñado, polos días naturais que desempeñe esa responsabilidade, é dicir dende o día do nomeamento ata a incorporación da persoa titular do posto.

Base 28ª.- Indemnizacións

1. As axudas de custo e gastos de viaxe dos membros da Corporación serán as sinaladas para os funcionarios do grupo 2 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, revisado polo Acordo do Consello de Ministros do 2 de decembro de 2005 que revisa o seu importe.

2. As axudas de custo dos funcionarios e persoal laboral axustaranse ao estabelecido no RD 462/2002 coa seguinte equivalencia:

- Titulación superior ..... Grupo 2
- Titulación media ..... Grupo 3

CVD: E4f/39q4I4y2V8k8l+xQ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Resto ..... Grupo 4

3**.** As comisións de servizo con dereito a indemnización deberanse autorizar previamente pola Concellería da Área e supervisadas pola Concellería de Persoal, que se deberá asegurar da existencia de crédito orzamentario.

Base 29ª.- Asistencia a cursos de formación

1. A asistencia a cursos de formación e perfeccionamento que ocasionen gastos a cargo do subconcepto 162.00 do orzamento ou que impliquen a asunción de gastos de axudas de custo ou desprazamento deberase autorizar pola Alcaldía ou órgano competente por delegación. Á solicitude achegarase unha breve memoria do contido do curso e da súa relación co posto de traballo ocupado.

2. Para a concesión da autorización teranse en conta os seguintes criterios:
   a) Existencia de crédito orzamentario axeitado e suficiente.
   b) Número de cursos realizados pola persoa solicitante nos dous últimos anos.
   c) Informe do Departamento de Persoal sobre a conveniencia e idoneidade do curso a realizar.

3. Nos cursos incluídos no Plan de formación anual da Deputación Provincial da Coruña, requiririase a conformidade do concelleiro de área correspondente na solicitude, informe de existencia de crédito no caso que se devindiquen gastos e autorización pola Alcaldía ou órgano competente en materia de persoal.

Base 30.- Outras disposicións relativas aos gastos relacionados co persoal da Corporación

1. As propostas relativas a gastos de publicidade e propaganda de calquera departamento deberán ser conformados pola Alcaldía.

2. As propostas de gasto relativas ás adquisicións de equipos informáticos e os seus elementos periféricos, así coma material informático non inventariable, deberán estar conformadas polo técnico responsable do Departamento de Informática e polo Concelleiro da Área.

Base 31.- Retribucións dos membros da Corporación con dedicación exclusiva

As retribucións dos membros da Corporación con dedicación exclusiva e parcial axustaranse ao establecido no acordo adoptado no Pleno da Corporación do 4 de xullo de 2020, ou acordo plenario posterior que o substitúa.

Base 32.- Asistencias a sesións de órganos colexiados municipais

1. Todos os concelleiros e as concelleiras que non perciban retribucións por dedicación exclusiva ou parcial, percibirán indemnizacións pola súa asistencia ás sesións dos órganos colexiados municipais, segundo o establecido no acordo adoptado polo Pleno da Corporación do 4 de xullo de 2020 ou acordo plenario posterior que o substitúa.

2. A acreditación da asistencia aos órganos colexiados será expedida pola secretaría do órgano colexiado.

Base 33ª.- A limitación dos gastos de telefonía móbil

Co fin de garantir un uso axeitado e austero dos teléfonos móbiles, facilitarase o seguimento interno do seu consumo por parte da Concellería á que pertenza o usuario.

Base 34ª.- Gastos en atencións protocolarias e representativas.

Os criterios básicos para a autorización, realización, rexistro e control destes gastos por atencións protocolarias e de representación no Concello de Arteixo son os seguintes:

1. Gastos que se consideran como protocolarios e de representación.

CVD: E4f/39q4I4y2V8k8l+xQ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Se imputarán a este concepto os gastos sociais de protocolo e representación (cerimonias, recepcións, efemérides, …) que as autoridades municipais (Alcaldía-Presidencia e Concelleiras) deban realizar no desenrolo das súas funcións, sempre que sexan motivados, xustificados e razoables e, ademais, cumpran os requisitos que se indican a continuación.

2. Requisitos sobre a realización dos "*gastos por atencións protocolarias*".

Segundo a normativa aplicable ao Concello de Arteixo, a realización de "*gastos en concepto de atencións protocolarias*" debe reunir necesariamente todas e cada unha das seguintes condicións:

2.1 *Que exista crédito suficiente e axeitado* no orzamento do centro xestor, programa de gasto, liña de financiación e a nivel del subconcepto 226.01. No suposto de non existir crédito orzamentario no citado subconcepto e dentro do nivel de vinculación orzamentaria, antes de realizar o gasto, deberá solicitarse a tramitación do preceptivo expediente de modificación orzamentaria.

2.2 *Competencia do órgano xestor*. O órgano competente para autorizar este tipo de gastos é a Alcaldía-Presidencia ou responsables do centro de gasto en quen delegase a aprobación destes gastos e os correspondentes Concelleiros dentro das dotacións orzamentarias do seu departamento e cos limites cuantitativos de gasto aplicables con carácter xeral segundo estas bases de execución orzamentaria.

2.3 Que se trate dunha representación institucional, considerada como necesaria, para a atención de persoas alleas ao Concello de Arteixo .

2.4 Deben perseguir unha finalidade institucional, e dicir, relacionada cos fins do Concello de Arteixo e, en concreto, coas finalidades que a normativa asigne ao centro xestor que corresponda.

2.5 Que sexa motivado por unha actuación que redunde claramente en beneficio ou utilidade do Concello de Arteixo, en virtude do principio de eficacia na xestión dos fondos públicos. E dicir, debe argumentarse a vinculación do gasto as necesidades públicas.

2.6 Que sexa necesario, proporcionado e idóneo para a consecución do beneficio perseguido (principio de eficiencia na xestión do gasto público).

2.7 En desenvolvemento da normativa aplicable e das recomendacións do Tribunal de Contas, as bases anuais de execución do orzamento do Concello de Arteixo aprobadas polo Pleno Municipal esixen o seguinte: "*Ás facturas de gastos de representación e/ou protocolarios, como xantares, recepcións, etc., lles acompañará unha sucinta memoria xustificativa subscrita pola persoa responsable na que se identifique aos beneficiario/s e se motive o beneficio ou utilidade de ditos gastos*"(ver modelo en anexos a estas bases).

En consecuencia, en todos os casos se deben especificar os motivos que xustifican a realización destes gastos e as persoas ou grupos destinatarios.

2.8 En congruencia co exposto no apartado anterior, no caso de *regalos* de produtos de "*merchandising*" do Concello de Arteixo, no modelo de solicitude se deberá indicar o motivo destes gastos e os destinatarios.

2.9 Cando se realicen gastos desta natureza protocolaria utilizando fondos obtidos a través de subvencións, deberá asegurarse que a realización destes gastos reúne todas as condicións e requisitos esixidos polas normas reguladoras de tales subvencións para considerarse como susceptibles de financiación..

CAPÍTULO VI.- NORMAS ESPECÍFICAS PARA OS GASTOS DE TRANSFERENCIAS CORRENTES E DE CAPITAL

Base 35ª.- Subvencións de concesión directa.

CVD: E4f/39q4I4y2V8k8l+xQ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1. As subvencións ou achegas derivadas de convenios subscritos entre o Concello de Arteixo e outras administracións ou entidades sen fins lucrativos outorgaranse directamente con cargo aos créditos orzamentarios dos capítulos 4 e 7 do estado de gastos nos prazos e polos importes que establezan.

2. De conformidade co disposto polo artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, enuméranse no Anexo I as subvencións nominativas que se poderán conceder de forma directa durante este exercicio.

3. Para a concesión directa doutras subvencións a entidades públicas ou a entidades privadas sen fin de lucro non recollidas expresamente nestas bases, con cargo a créditos orzamentarios dos capítulos 4 ou 7 do estado de gastos, estarase ao disposto na Ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais aprobada definitivamente polo Pleno municipal en sesión celebrada o 17 de abril de 2018 (BOP núm. 76, do 23 de abril de 2018).

Base 36ª.- Subvencións con cargo a créditos globais

Base 37.- Asignacións aos grupos políticos

1. O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 4 de xullo de 2020, acordou, no marco do previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 55 do Regulamento orgánico municipal, as seguintes asignacións económicas con cargo aos orzamentos municipais:

a) Asignación fixa mensual: 100€ para cada grupo municipal constituído.
b) Asignación variable mensual: 200€ por concelleiro ao mes para grupos políticos con número de concelleiros entre 1 e 3, 125€ por concelleiro ao mes para grupos políticos con número de concelleiros de 4 en diante.

2. Ao inicio de cada exercicio orzamentario contabilizarase o correspondente AD polos importes totais anuais asignados a cada un dos grupos municipais constituídos, e mensualmente procederase ao seu pagamento, previo o recoñecemento da obriga.

3. As achegas económicas serán ingresadas na conta bancaria designada por cada grupo, que deberá de ser exclusiva para a realización tanto dos ingresos como dos gastos correspondentes que se imputen a tales asignacións.

4. Os grupos políticos teñen a obriga de levar unha contabilidade específica da dotación, que deberán de poñer á disposición do Pleno da Corporación sempre que este o pida, e dar conta na primeira sesión ordinaria do ano que se celebra, con respecto á xustificación dos gastos e dos ingresos realizados no ano inmediatamente anterior. As contas, en todo caso, estarán á disposición da Intervención municipal.

5. As asignacións aos grupos municipais están destinadas a financiar o funcionamento normal da actividade destes, non podendo ser destinadas ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servicio da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

6. Admítese como xustificación dos gastos na contabilidade municipal, a declaración responsable de cada portavoz, de aplicación dos fondos recibidos ás finalidades contempladas na normativa vixente; esta declaración deberá emitirse, en todo caso, dentro do primeiro bimestre do exercicio seguinte á da xustificación do gasto. Todo isto, sen prexuízo das obrigas formais sinaladas anteriormente de obrigado cumprimento e que estarán a disposición do Pleno, ou dos órganos de control interno ou externo segundo a normativa vivente en cada momento.

CAPÍTULO VII.- NORMAS PARA DETERMINADOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

Base 38.- Normas xerais expedientes de contratación.

CVD: E4f/39q4I4y2V8k8l+xQ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1. A contratación de obras, servizos e subministracións e demais contratos especiais, rexerase pola Lei 9/2017, 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP). As previsións contidas neste capítulo quedarán referenciadas ao estipulado na nova normativa

2. A adxudicación destes contratos suxeitarase as previsións da normativa sinalada, e dará lugar a contracción do crédito na fase de compromiso do gasto, previa fiscalización pola Intervención municipal.

3. En todos os casos deberase tramitar expediente de contratación completo, de cordo ca base anterior, agás nos supostos que se enuncian nas bases seguintes. Sempre se incorporará ao expediente a factura do gasto realizado que deberá todos os requisitos legal e regulamentariamente establecidos.

Base 39ª.- Normas especificas expedientes de contratación.

1. Nos expedientes de xestión do gasto en materia de contratos de obras, servizos, subministración, e análogos, regulados pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, seguiranse, por regra xeral, os procedementos que se sinalan no seguinte cadro, de acordo ca materia e contía máxima dos contratos:

Tipo Contrato	**Valor Estimado (€)**	**Documento Contable**	**Documentación a incorporar ao expediente**
Menor obras	Inferior a 40.000€	**RC** **AD** **O**	*** Memoria/Prego de Condicións** descritivo do gasto, con detalle de unidades, prezos unitarios e totais, dependencia, destino do gasto, etc. *** Orzamento das obras, sen prexuízo da existencia de proxecto cando normas específicas así o requiran.** *** Solicitude de tres ofertas** mínimo, coas excepcións previstas no apartado seguinte. *** Proposta** de gasto dunha das ofertas. Na proposta deberá conter a conformidade do técnico que corresponda do Departamento de Obras nos termos do penúltimo parágrafo do apartado 2.1. As persoas asinantes da proposta asumen as responsabilidades recollidas no apartado 2.1. en relación coa adecuación do prezo da prestación aos prezos de mercado, así como coa competencia municipal para a asunción do gasto correspondente. * **Resolución** da Alcaldía ou Concellería delegada de aprobación da proposta (Fase AD), coas excepcións previstas no apartado 3. *** Factura** con descrición detallada do gasto, que deberá ser asinada polo técnico competente..
Menor resto	Inferior a 15.000,00		*** Memoria** descritiva do gasto, con detalle de unidades, prezos unitarios e totais, dependencia, destino do gasto, etc. *** Solicitude tres ofertas** mínimo, coas

CVD: E4f/39q4I4y2V8k8l+xQ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

		RC **AD** **O**	excepcións previstas no apartado 2.2. *** Proposta** de gasto dunha das ofertas. Na proposta deberá conterse a conformidade do técnico do departamento que corresponda nos termos do primeiro parágrafo do apartado 2.1. As persoas asinantes da Proposta asumen as responsabilidades recollidas no apartado 2.1 en relación coa adecuación do prezo da prestación aos prezos de mercado, así como coa competencia municipal para a asunción do gasto correspondente. * **Resolución** da Alcaldía ou Concellería delegada de aprobación da proposta (Fase AD), coas excepcións previstas no apartado 3.. *** Factura** con descrición detallada do gasto, que deberá ser asinada polo técnico competente.

2. Expedientes de gastos relativos a contratos menores de obras, de subministracións, e servizos cando se tramiten a través do procedemento de propostas de gasto establecéndose o réxime de tramitación das mesmas que se indica de seguido:

2.1. Todo centro xestor que pretenda a realización dun gasto orzamentario deberá elaborar unha proposta de gasto, previa á súa realización, que deberá conter, como mínimo, os seguintes datos:

- Departamento solicitante.
- Descrición clara do gasto a efectuar.
- Importe (co IVE correspondente, de ser o caso), do gasto proposto.
- Razón social ou nome completo do terceiro que efectuará a prestación.
- NIF ou CIF do terceiro.
- Sinatura do empregado público peticionario da prestación.
- Conformidade do concelleiro de Área que corresponda.
- No caso de propostas de gasto relativas a contratos menores de obras, a conformidade do Técnico con habilitación profesional na materia. Esta conformidade referirase exclusivamente ao cumprimento dos requisitos esixidos dende un punto de vista técnico. Entenderase que a sinatura da conformidade supón declaración por parte do asinante de que se cumpran os seguintes requisitos:
    - Dispoñibilidade municipal dos terreos ou inmobles nos que se vai efectuar a obra.
    - Adecuación da obra a realizar coa normativa urbanística aplicable ao Concello de Arteixo.
    - Innecesariedade de proxecto técnico aos efectos do requirido no artigo 118.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
    - Innecesariedade de autorizacións doutras administracións, ou que as que son necesarias xa foron obtidas e obran no expediente.
    - Que a obra obxecto da proposta de gasto reviste o carácter de obra completa nos termos do artigo 13.3 da LCSP.

No caso de que o/a técnico/a que supervise a proposta de gasto observe que non se cumpran calquera dos requisitos que se acaban de enumerar, ou calquera outro requisito técnico que sexa esixible, deberá ser posto de manifesto mediante escrito que se acompañará á proposta de gasto correspondente.

Os empregados públicos e, no seu caso, os concelleiros que asinan as propostas de gasto asumen a responsabilidade tanto de garantir que o prezo da prestación se adecúa aos prezos de mercado como de que se corresponde cun gasto de competencia do Concello de Arteixo e que non se produce un fraccionamento do obxecto do contrato. No caso de que discrepen con algunha destas condicións, deberano manifestar por escrito.

CVD: E4f/39q4I4y2V8k8l+xQ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2.2. As propostas de gasto deberán estar acompañadas de tres ofertas, coas seguintes excepcións:
2.2.1. Propostas de gasto de importe inferior a 6.000,00 € (sen IVE)
2.2.2. Propostas de gasto correspondentes ao subconcepto 227.06.
2.2.3. Cando non sexa posible a obtención das mesmas, sendo necesario que o departamento xestor aporte a xustificación documental de ter solicitadas as tres ofertas, así como un sucinto informe xustificativo da imposibilidade de aportalas ou da improcedencia de solicitalas

2.3. A proposta, debidamente cumprimentada, será remitida polo departamento correspondente á Intervención municipal para a comprobación de existencia de crédito adecuado e suficiente con carácter previo á realización da prestación e para a contabilización da fase de Retención do Crédito (RC).

2.4. A intervención municipal devolverá aos departamentos as propostas que non cumpran os requisitos anteriores ou para as que non exista crédito orzamentario adecuado e suficiente para a realización do gasto.

2.5. A aprobación das propostas de gasto por resolución da Alcaldía, ou da Concellería delegada da Área, suporá a autorización e disposición do correspondente gasto orzamentario de acordo co estipulado no artigo 184 do TRLRFL e nos artigos 67 e 68 do RD 500/1990, contabilizándose un asento AD. No caso de que no momento de aprobar a proposta non se coñeza o terceiro, contabilizarase unicamente a fase de aprobación (asento A). En calquera caso, o importe da proposta será a cantidade máxima da contraprestación. Nos casos nos que o importe da contra prestación sexa de contía inferior á proposta de gasto, realizarase un AD barrado pola cantidade sobrante.

3. Para as propostas de gasto por importe de ata 1.000,00 (sen IVE), unha vez comprobada a existencia de crédito pola Intervención municipal e contabilizada a fase RC, non será necesaria a Resolución do Alcalde ou Concelleiro competente para aprobalas (fase AD) se non que se pode aportar directamente a factura unha vez realizada a prestación do servizo, subministración ou obra obxecto das mesmas.

CAPÍTULO VIII.- CONTROL E FISCALIZACIÓN

Base 40ª.- Control interno.

1. A función interventora ten por obxecto controlar os actos da entidade que dean lugar ao recoñecemento de dereitos ou á realización de gastos, así como os ingresos e pagamentos que deles deriven, e o investimento ou aplicación en xeral dos seus fondos públicos, co fin de asegurar que a súa xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

O exercicio da función interventora comprenderá as seguintes fases:

a) A fiscalización previa dos actos que recoñezan dereitos de contido económico, autoricen ou aproben gastos, dispoñan ou comprometan gastos e acorden movementos de fondos e valores.
b) A intervención do recoñecemento das obrigacións e intervención da comprobación material do investimento.
c) A intervención formal da ordenación do pagamento.
d) A intervención material do pagamento.

2. O control financeiro ten por obxecto verificar o funcionamento dos servizos do Concello e as súas entidades dependentes no aspecto económico-financeiro para comprobar o cumprimento da normativa e directrices que os rexen e, en xeral, que a súa xestión se axusta aos principios de boa xestión financeira e que a xestión dos recursos públicos se encontra orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, e polos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

Integran este capítulo os principais concepto de ingresos que contribúen a gran parte do financiamento das entidades locais. Ponse de manifesto a relevancia da facenda municipal e a trascendencia económica que implica a súa xestión tributaria.

ARTIGO 11. IMPOSTOS SOBRE O CAPITAL.

As bases utilizadas para o Imposto de Bens Inmobles (IBI) foron os padróns tributarios e a recadación do presente exercicio.

En canto ao Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) non se estima un incremento da recadación, reflexada xa na execución orzamentaria de dito exercicio.

No tocante ao IIVTNU (Plusvalía), aumenta a previsión no exercicio económico de 2023.

Total Previsión 2023 artigo 11: 13.365.000,00 €

ARTIGO 13. IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

Nos ingresos derivados do IAE, as bases utilizadas son a execución orzamentaria e a comprobación que se está a facer deste tributo, dando como resultado un incremento do importe do padrón, e asi mesmo un aumento da recadación por exercicios non prescritos, todo iso posto de manifesto coa firma de actas de conformidade.

Total Previsión 2023 artigo 13: 4.040.000,00 €

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/es/
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: JqO5L9Cp1lud18cRMQVG
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Total Previsións Capítulo I – Impostos Directos: 17.405.000,00 €

CAPÍTULO II: IMPOSTOS INDIRECTOS

ARTIGO 29. OUTROS IMPOSTOS INDIRECTOS.

Neste capítulo o único concepto previsto no orzamento de 2023 é o 290 (Imposto sobre Construccións, Instalacións e Obras) e recolle as previsións de construcción nos polígonos.

Total Previsións Capítulo II – Impostos Indirectos: 9.400.000,00 €

CAPÍTULO III: TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS

Neste capítulo económico de ingresos agrúpanse, entre outros, as taxas pola prestación de servizos públicos, utilización ou aproveitamento do dominio público local, os prezos públicos, reintegros e outros ingresos, comprendendo multas, sancións, recargos de apremio, xuros de demora, etc.

ARTIGO 30. TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS.

As bases utilizadas nestas taxas foron, fundamentalmente os dereitos liquidados durante o exercicio de 2022 e a estimación da súa recadación final. Increméntase a taxa de recollida de residuos por depuración no tratamento de datos, dotando a previsión no subconcepto 302.00 do importe que se prevé recadar por este concepto.

Total Previsión 2023 artigo 30: 2.100.000 €

ARTIGO 31. TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS DE CARÁCTER SOCIAL E PREFERENTE.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/es/
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: JqO5L9Cp1lud18cRMQVG
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Ao igual que nas anteriores as bases utilizadas nestas taxas son dereitos liquidados durante o exercicio de 2022 e a estimación da súa recadación final. As previsións procuran axustarse con respecto ao exercicio anterior.

Total Previsión 2023 artigo 31: 631.000,00€

ARTIGO 32. TAXAS POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE COMPETENCIA LOCAL.

Tamén neste tipo de taxas as previsións se realizaron baseandose na execución destes ingresos no exercicio corrente. O igual que no imposto ICIO, aumentan as previsións nas licencias urbanísticas.

Total Previsión 2023 artigo 32: 325.050,00€

ARTIGO 33. TAXAS POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL.

Dentro deste artigo o concepto máis significativo é o relativo ás taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial de empresas explotadoras de de servizos de subministro (Ordenanza número 26).

Total Previsión 2023 artigo 33: 2.508.000,00 €

ARTIGO 34. PREZOS PÚBLICOS.

As bases utilizadas neste artigo foron, os padróns tributarios así como os dereitos liquidados durante o exercicio de 2022 e a estimación da súa recadación final, como son o servizo de centro de día e servizo ós maiores.

Total Previsión 2023 artigo 34: 599.000,00 €

ARTIGO 36. VENTAS.

Recolle os ingresos polas ventas de residuos.

Total Previsión 2023 artigo 36: 150.000,00 €

CVD: JqO5L9Cp1lud18cRMQVG
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ARTIGO 38. REINTEGROS DE OPERACIÓNS CORRENTES.

Existe un único subconcepto neste tipo de ingresos, relativo aos reintegros de orzamentos pechados.

Total Previsión 2023 artigo 38: 6.000,00 €

ARTIGO 39. OUTROS INGRESOS.

Nestes ingresos as bases utilizadas para a avaliación dos mesmos foi a execución orzamentaria prevista para o exercicio actual. As cuotas de urbanización veñen constituindo unha nova forma de financiación.

Total Previsión 2023 artigo 39: 2.904.623,54 €

Total Previsións Capítulo III – Taxas, Prezos Públicos e Outros Ingresos: 9.223.673,54 €

CAPÍTULO IV: TRANSFERENCIAS CORRENTES

Neste capítulo estarían os ingresos de natureza non tributaria, percibidos polas entidades locais sen contraprestación directa por parte das mesmas, destinados a financiar operacións correntes.

ARTIGO 42. DA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO.

Recolle fundamentalmente á cantidade asignada a través da Participación nos Tributos do Estado para este exercicio, que experimentóu un incremento no exercicio 2022. A previsión para o ano 2023 é derivado das cifras de poboación e o incremento da recadación da entidade local.

Total Previsión 2023 artigo 42: 8.164.519,07 €

ARTIGO 45. DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS.

CVD: JqO5L9Cp1lud18cRMQVG
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Establécense as previsións do Fondo de Cooperación Local, do Plan concertado de servizos sociais e outras subvencións da Comunidade Autónoma para financiamento de determinados gastos correntes incluídos no orzamento de 2023.

Total Previsión 2023 artigo 45: 2.300.457,01 €

ARTIGO 46. DE ENTIDADES LOCAIS.

Recóllense neste artigo ás previsións do Plan de Obras e Servizos da Deputación para o financiamento de gastos correntes, así como outras subvencións do ente provincial para financiar detrerminados gastos correntes incluídos no orzamento de 2023.

Total Previsión 2023 artigo 46: 1.365.088,74 €

ARTIGO 47. DE EMPRESAS PRIVADAS

Os ingresos previstos neste artigo son os relativos á financiación procedentes de empresas privadas.

Total Previsión 2023 artigo 47: 200.000,00€

ARTIGO 49. DO EXTERIOR.

Os ingresos previstos neste artigo son os relativos ao Fondo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), que financian o 80% de gastos previstos no capítulo 2 do estado de gastos.

Total Previsión 2023 artigo 49: 310.000,00 €

Total Previsións Capítulo IV – Transferencias Correntes: 12.340.064,82 €

CAPÍTULO V: INGRESOS PATRIMONIAIS

Recolle os ingresos de natureza non tributaria procedentes de rendas da propiedade ou do patrimonio das entidades locais, así como os derivados de actividades realizadas en réxime de dereito

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/es/
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: JqO5L9Cp1lud18cRMQVG
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

privado tales como os derivados do canon instalación de festas, canon de parque eólico, canon túneles Pisa e canon da parcela da Zapateira-1.

ARTIGO 52. XUROS DE DEPÓSITOS.

Estímase unha previsión orzamentaria crecente.

Total Previsión 2023 artigo 52: 200.000,00 €

ARTIGO 55. PRODUTOS DE CONCESIÓNS E APROVEITAMENTOS ESPECIAIS.

Prevense o s ingresos derivados das concesións administrativas. Para o orzamento de 2023 e como continuación do 2022 inclúe o canon polas instalacións nas festas e o dos túneles do PISA.

Total Previsión 2023 artigo 55: 146.225,80 €

Total Previsións Capítulo V – Ingresos Patrimoniais: 346.225,80 €

CAPÍTULO VI: ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS

Recolle os ingresos derivados de transaccións con salida ou entrega de bens de capital propiedade do Concello.

ARTIGO 60. DE TERREOS

Total Previsión 2023 artigo 60: 4.200.000,00 €

Total Previsións Capítulo VI – Enaxenación de Inversións reais: 4.200.000,00 €

CAPÍTULO VII: TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

CVD: JqO5L9Cp1lud18cRMQVG
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Neste capítulo estarían os ingresos de natureza non tributaria, percibidos polas entidades locais sen contraprestación directa por parte das mesmas, destinados a financiar operacións de capital.

ARTIGO 76. DE ENTIDADES LOCAIS.

Recóllense neste artigo ás previsións do Plan de Obras e Servizos da Deputación e a Rede Ciclista, para o financiamento de gastos de capital recollidos no anexo de investimentos do exercicio 2023.

Total Previsión 2023 artigo 76: 2.122.115,18 €

ARTIGO 79. DO EXTERIOR.

Os ingresos previstos neste artigo son os relativos ao Fondo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), que financian o 80% dos investimentos recollidos no orzamento e que aparecen desglosados no anexo de investimentos para 2023.

Total Previsión 2023 artigo 79: 6.701.335,98 €

Total Previsións Capítulo VII – Transferencias de Capital: 8.823.451,16 €

CAPÍTULO VIII: ACTIVOS FINANCEIROS

Neste capítulo únicamente se recollen os reintegros de anticipos e soldos e salarios do persoal.

ARTIGO 83. REINTEGROS DE PRÉSTAMOS DE FORA DO SECTOR PÚBLICO.

Para o exercicio 2023 se mantén a mesma previsión que para o exercicio precedente.

Total Previsión 2023 artigo 83: 40.000,00 €

Total Previsións Capítulo VIII – Activos Financeiros: 40.000,00 €

CVD: JqO5L9Cp1lud18cRMQVG
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAPÍTULO IX: PASIVOS FINANCEIROS

Neste capítulo é recollido un préstamo que figura no Anexo de Inversións.

ARTIGO 91. PRÉSTAMOS RECIBIDOS

Total Previsión 2023 artigo 91: 4.031.584,68 €

Total Previsións Capítulo IX – Pasivos Financeiros: 4.031.584,68 €

SEGUNDO.- BASES UTILIZADAS PARA A AVALIACIÓN DOS GASTOS:

As previsións de gastos foron estimadas en base ós Informes dos distintos Departamentos.

SEGUNDO.- Que para o exercicio 2023 prevése a contratación de operacións de endebedamento para o financiamento de investimentos.

TERCEIRO.- Que os créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servicios deberían ser suficientes en función da consignación recollida nos distintas aplicacións orzamentarias do estado de gastos.

En consecuencia, coas premisas que anteriomente foron expostas, logrouse a efectiva nivelación do Orzamento para o exercicio 2023, que tanto en gastos como en ingresos ascende a cantidade de 65.810.000,00 €.

Asinado dixitalmente.- Carlos Calvelo Martínez
Alcalde-Presidente

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/es/
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: JqO5L9Cp1lud18cRMQVG
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLERÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS,
SANIDADE E EDUCACIÓN
Ref.: IRA/esl/2022

INFORME

DIRIXIDO A: Intervención municipal
ASUNTO: Orzamento 2023

SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS PREVISTAS PARA 2023

Recíbense instrucións da Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación para incluír nas subvencións nominativas as seguintes entidades para o ano 2023:

ASPACE. Se ben non ten sede no territorio municipal, acolle a persoas empadroadas que asisten regularmente ben ao centro de día ou ben ao residencial. Neste ano 2023 son 5 persoas. A subvención está destinada a sufragar os gastos de actividades diversas como Apoio psicolóxico, Alimentación texturizada, ou Actividades lúdico-deportivas, entre outras

CÁRITAS PARROQUIAL. Trátase da asociación pertencente á Igrexa Católica do municipio, coa que colaboramos desde hai anos na xestión de axudas económicas e alimentos básicos. En 2021 entregaron axudas en metálico a preto de 100 familias, moitas das cales son usuarias tamén de S. Sociais. Fináncianse axudas de emerxencia para familias detectadas ben desde a propia entidade, ben desde o Departamento de S. Sociais.

ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL A CORUÑA (ADACECO). Entidade con sede na cidade da Coruña, referente das persoas que sofren dano cerebral adquirido para toda a área sanitaria da Coruña-Cee e Ferrol, á que acoden persoas residentes no noso concello.

ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTALES (APEM). Entidade con sede na cidade da Coruña e centros de rehabilitación persoal e laboral en diversos concellos, entre eles Arteixo que contará en breve cun centro desas características.

ENTIDADE	ACTIVIDADE OBXECTO DO CONVENIO	IMPORTE	ANTICIPO
ASPACE	Programas de Apoio psicolóxico, Alimentación texturizada, Actividades lúdico-deportivas e outras semellantes.	10.000,00€	8.000,00€
CARITAS	Axudas económicas para emerxencias sociais.	10.000,00€	8.000,00€
ADACECO	Atención neuropsicolóxica, fisioterapia, logopedia, terapia ocupacionas e oturas terapias destinadas a persoas con Dano Cerebral Adquirido.	10.000,00€	8.000,00€
APEM	Mantemento do centro ocupacional de nova implantación en Arteixo	12.000,00€	9.600,00€
Fondo Galego de Cooperación (FGC)	Cota anual 2023	3.990,63€	
		45.990,63 €	33.600,00€

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN. Incluímos neste informe a aportación que o concello efectúa a esta asociación de municipios da que formamos parte e coa que participamos na cooperación internacional con países en vías de desenvolvemento.

A entidade non comunicou o importe da cota para o ano 2023, máis está aprobado na Comisión Executiva a aplicación do 0,1% sobre os ingresos correntes do Concello, que en 2022 supuxo 3.990,63€.

Asinan dixitalmente,

Enma Sánchez Coordinadora do Departamento de S. Sociais

Inés Ramos Álvarez, Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación.

ASUNTO: INFORME RELATIVO Á PROPOSTA DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS - 2023

Emítese informe xustificativo das subvencións nominativas incluídas como proposta ao orzamento do ano 2023:

ENTIDADE	CONCEPTO	CONTÍA	XUSTIFICACIÓN
CEIP PONTE DOS BROZOS	Arteixo Innovación mantemento	23.000,00 €	Contía determinada polo alumnado e profesorado implicado e o nº de equipos existentes derivado do amplo tempo de participación no proxecto.
CEIP SAN XOSÉ OBREIRO	Arteixo Innovación mantemento	10.000,00 €	Contía determinada polo equipos existentes como consecuencia do tempo de participación no proxecto e implicación de alumnado e profesorado.
CEIP ARTEIXO	Arteixo Innovación mantemento	5.000,00 €	Contía determinada polo alumnado e profesorado implicado e o tempo de participación no proxecto.
CEIP GALÁN	Arteixo Innovación mantemento	5.000,00 €	Contía determinada polo alumnado e profesorado implicado e o tempo de participación no proxecto.
EEI BARRIONOVO	Arteixo Innovación mantemento	2.000,00 €	Contía determinada polo nº de alumnado e profesorado desta escola e o tempo de participación no proxecto.
EEI VILARRODÍS	Arteixo Innovación mantemento	2.000,00 €	Contía determinada polo nº de alumnado e profesorado desta escola e o tempo de participación no proxecto.
IES MANUEL MURGUÍA	Arteixo Innovación mantemento	5.000,00 €	Contía determinada polo alumnado e profesorado implicado e o tempo de participación no proxecto.
IES SABÓN	Arteixo Innovación mantemento	14.000,00 €	Contía determinada polo alumnado e profesorado implicado e o nº de equipos existentes derivado do tempo de participación no proxecto.
IES PASTORIZA	Arteixo Innovación mantemento	14.000,00 €	Contía determinada polo alumnado e profesorado implicado e o nº de equipos existentes derivado do tempo de participación no proxecto.
EEI LAGOA	Arteixo Innovación mantemento	500,00 €	Contía determinada polas dimensións do centro, do alumnado implicado e do tempo de participación no proxecto.
EEI LARÍN	Arteixo Innovación mantemento	500,00 €	Contía determinada polas dimensións do centro, do alumnado implicado e do tempo de participación no proxecto.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

EEI RORÍS	Arteixo Innovación mantemento	500,00 €	Contía determinada polas dimensións do centro, do alumnado implicado e do tempo de participación no proxecto.
ANPA PDB	Convenio comedor	10.200,00 €	Contía determinada polo nº de usuarios do servizo de comedor e diversidade de servizos ofertados e utilizados polas unidades familiares.
ANPA ARTEIXO	Convenio comedor	10.200,00 €	Contía determinada polo nº de usuarios do servizo de comedor e diversidade de servizos ofertados e utilizados polas unidades familiares.
ANPA A GAIVOTA	Convenio comedor	8.250,00 €	Contía determinada polo nº de usuarios do servizo de comedor e polos servizos utilizados polas unidades familiares.
ANPA BARRIONOVO	Convenio comedor	2.500,00 €	Contía determinada polo nº de usuarios do servizo de comedor neste curso.
ANPA O LOUREIRO	Convenio comedor	2.500,00 €	Contía determinada polo nº de usuarios do servizo de comedor neste curso.
ASOCIACIÓN AGARIMO	Programas de intervención socioeducativa con menores e xoves para a formación prelaboral	30.000,00 €	Contía determinada polas necesidades de formación
ASOCIACIÓN AGARIMO	Mantemento e acondicionamento instalacións	18.000,00 €	Contía determinada polas necesidades de mantemento e acondicionamento das instalacións

TOTAL ARTEIXO INNOVACIÓN	**81.500,00 €**
TOTAL CONVENIOS COMEDOR	**33.650,00 €**
TOTAL ASOCIACIÓN AGARIMO	**48.000,00 €**
TOTAL SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS	**163.150,00 €**

Este é o informe que se emite na data que figura no pé de sinatura.

ASINADO DIXITALMENTE.-

Esperanza Esmorís Pombo – Técnica de Educación

Inés Ramos Álvarez – Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

NEG: SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES
REFª: MDF/2022

ASUNTO: INFORME SUBVENCIÓNS 2023

En contestación á súa solicitude de data 11 de novembro de 2022, polo que solicita información relativa á consignación de subvencións municipais para o orzamento 2023, adxuntamos información solicitada.

O técnico que subscribe informa que no proxecto de orzamento do Servizo Municipal de Deportes remitido a Alcaldía, propóñense as seguintes subvencións nominativas para a promoción do deporte:

BENEFICIARIO	CIF	IMPORTE MÁXIMO	CONCEPTO
Club Deportivo Larín	G-15225899	10.000,00 €	Promoción do deporte federado
SCR Suevos	G-15136997	10.000,00 €	Promoción do deporte federado
SRI Esperanza de Meicende	G-15106545	15.000,00 €	Promoción do deporte federado
		35.**000,00 €**	

As entidades deportivas referidas, son entidades de carácter histórico no Concello de Arteixo e que debido á espacial configuración xeográfica do territorio, teñen especial dificultade para realizar unha captación das categorías base xa que están aleixadas de grandes núcleos de poboación, como é o caso de outras entidades deportivas.

Por outro lado, o técnico que subscribe informa que, no momento que ditas entidades dispoñan de categorías base e teñan capacidade e sustentabilidade social, sería necesario ir reducindo progresivamente a figura das subvencións nominativas e reconverter ditas axudas para que os clubs e entidades deportivas opten todos na convocatoria en concorrencia competitiva. Recoméndase, en aplicación da á Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento de Subvencións e á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, utilizar a vía das subvencións nominativas para casos e circunstancias excepcionais, aplicando o procedemento en réxime de concorrencia competitiva con carácter xeral.

Considerando o previsto no artigo 2 Lei 38/2003, Xeral de subvencións, emítese o seguinte informe:

As entidades arriba sinaladas veñen realizando actividades para promoción do deporte. A través dos convenios preténdese levar a cabo a promoción do deporte federado e á organización de eventos, que beneficiarán especialmente á poboación ao complementar os servizos de utilidade pública e interese social que debe prestar o Concello dentro das súas competencias. Igualmente mellorarase o programa deportivo local, promocionando o nome do Concello de Arteixo como entidade que fomenta o deporte e potenciando a estrutura do sistema deportivo local. A cambio, o Concello de Arteixo, financiará as actividades cunha subvención nominativas polos importes referenciados.

O Servizo Municipal de Deportes ten como misión promover e facilitar o acceso á práctica deportiva de toda a veciñanza de Arteixo como medio de mellora da súa calidade de vida. Neste

sentido debe potenciar a Programación Deportiva Municipal, en orde a levar a actividade física e o deporte a todos os sectores da poboación.

No ano 2004, a Organización Mundial da Saúde aprobou na súa 57ª Asemblea a que se coñece como Estratexia mundial sobre réxime alimentario, actividade física e saúde. Nesta resolución exhortábase a todos os estados membros a tomar cartas no asunto e adoptar as medidas necesarias, seguindo as directrices que nela se establecen, para fomentar un estilo de vida activo entre a cidadanía. Estas iniciativas foron secundadas, paralela ou sucesivamente pola Comisión Europea, o Ministerio de Sanidade Español, o Consello Superior de Deportes e a propia Xunta de Galicia, que elaboraron plans ad hoc.

Deste modo, entre os principais beneficios demostrables cientificamente que reporta a práctica de actividade física temos que:

- Axuda a reducir a mortalidade por todas as causas
- Prevén as doenzas cardiovasculares e coronarias
- Reduce a presión arterial e prevén a hipertensión
- Mellora os lípidos sanguíneos e as lipoproteínas
- Inflúe positivamente sobre os factores de coagulación e hemostáticos
- Reduce e prevén o sobrepeso e a obesidade e mellora a distribución da graxa corporal
- Prevén e mellora a diabete mellitus tipo 2
- Reduce a incidencia de cancro de colon
- Prevén e mellora a dor lumbar, a artrose e a osteoporose
- Mellora a calidade de vida e a autonomía nas persoas maiores
- Prevén e mellora a depresión e a ansiedade

A programación deportiva municipal segue as directrices procedentes de diferentes organismos internacionais, como a OMS ou a UE, para o fomento e adopción de estilos de vida fisicamente activos.

Consideramos que os programas deportivos municipais teñen un interese público pola labor de carácter social e os múltiples beneficios que reporta a nivel, físico, psicolóxico e social aos participantes.

Segundo o ordenamento xurídico no ámbito deportivo existente, o Concello de Arteixo está legalmente apoderado para a planificación das súas respectivas políticas deportivas e a execución das mesmas, promovendo toda clase de actividades e prestando cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as demandas e aspiracións dos seus veciños no seu ámbito.

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local*
    - *artigo 25:*
        - *1. O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.*
- *Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia*
    - *En base ao artigo 8.1, correspóndelle aos concellos "Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar"*
    - *No artigo 8.2, afirma que lles corresponde aos concello dentro do seu termo municipal promover e, de ser o caso, executar, no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa Administración autonómica, así como coa colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas.*

Tendo en conta a común finalidade de promoción e práctica deportiva e co obxecto de coordinar as ofertas deportivas dos seus ámbitos respectivos, proponse a celebración dos diferentes convenios de colaboración para a promoción do deporte.

Por todo o exposto anteriormente considérase que se cumpre a condición do artigo 2.1c) da citada norma, isto e, que o proxecto, acción, conducta ou situación financiada, ten por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

Con respecto á proposta de subvencións de concorrencia competitiva, proponse para o ano 2023 un importe de 262.000,00 €, así como unha dotación de 20.000 € na aplicación 481.00 (premios e becas investigación)

Como resumo, os datos da aplicación orzamentaria destinada a subvencións son os seguintes:

	IMPORTE PARTIDA	SUBVENCIÓNS CONCURRENCIA	SUBVENCIÓNS NOMINATIVA	PREMIOS E BECAS INVESTIGACIÓN
Ano 2021	316.800,00 €	316.800,00 €	0,00 €	0,00 €
Ano 2022	317.000,00 €	282.000,00 €	35.000 €	0,00 €
Ano 2023	317.000,00 €	262.000,00 €	35.000 €	20.000,00 €

O que se informa aos efectos oportunos

Marcos Docampo Fraga
Coordinador Técnico de Deportes

Purificación Zas Rodríguez
Concelleira de Deportes

Arteixo, a 14 de novembro de 2022

A/A INTERVENCIÓN MUNICIPAL

CONCELLARÍA DE CULTURA
REF.: ABV/ebs 2022

INFORME XUSTIFICATIVO DAS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DE CULTURA PARA O ORZAMENTO DE 2023:

Segundo a solicitude formulada con data do 10/11/2022 polo SM de Intervención, infórmase que as subvencións nominativas propostas polo Concellaría de Cultura estarán destinadas as dúas entidades locais con maior traxectoria e proxección cultural no noso concello e que chegan a un maior número de personas, tanto dentro como fóra do termo municipal de Arteixo.

AX XIRADELA (**8.500,00 €**).- É obxecto deste convenio a regulamentación da colaboración entre o Concello de Arteixo e a AX Xiradela para a organización do XXIII Concurso de Música Tradicional e o XXXV Día da Muiñeira en Arteixo durante o ano 2023. Estes 2 importantes eventos culturais congregan en Arteixo a un gran número de intérpretes do folclore de toda Galicia, espallando a imaxe do noso concello polo resto do país. No caso do Día da Muiñeira o incremento ven determinado pola subida dos prezos no aluguer e montaxes de estruturas móbiles desmontables: escenario, sonorización, etc e a redacción da memoria técnica do evento.

BANDA DE MÚSICA SANTIAGO DE ARTEIXO (**30.000,00 €**).- No 2020 xa se propuxera un incremento de ata 30.000 € do convenio para a Banda que non se puido executar por mor da pandemia da COVID-19. Para o 2023 a entidade propón retomar parte daqueles proxectos musicais e seguir mantendo e aumentando as liñas de colaboración para realizar a promoción da música dentro do noso concello e satisfacer así unha necesidade social e cultural da poboación. Entre os seus obxectivos están o de ofrecer unha nova visión da música na actualidade, fomentar a participación do público nas actividades e concertos musicais, cultivar o crecemento musical e a formación técnica continua dos compoñentes da banda e fomentar o consumo de actividades culturais musicais.

Arteixo, 11 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente:

Elisabeth Bello Souto (animadora cultural)

Ana Bello Vázquez (concelleira de Cultura)

INFORME JUSTIFICATIVO DE LAS SUBVENCIONES NOMINATIVAS DE SEGURIDAD

Por la presente, el Inspector Principal, y de acuerdo con lo solicitado por el departamento de intervención municipal, se informa de que las subvenciones nominativas propuestas por el departamento de Seguridad son las siguientes:

1. ASOCIACIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL DE ARTEIXO: (320.000 €), anualmente se firma un convenio con dicha asociación para la prestación del servicio de salvamento y socorrismo en las playas en la temporada estival. Se considera de vital importancia esta subvención dado que gracias a ella se puede ofrecer un servicio de socorrismo de calidad y cantidad suficiente en las playas de nuestro litoral.

Fdo.digitalmente: Inspector Principal 013012

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

CVD: 437AwALMx8JL0tjXTmRK
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

PROCEDIMENTO. – Aprobación do orzamentos

Expediente. – 2022/T004/000002

Asunto: Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, sostibilidade financeira e regra do gasto do proxecto de orzamento xeral para 2023.

En cumprimento do establecido na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e no artigo 16.2 do Real decreto 1463/2007, do 20 de novembro, emítese o seguinte

INFORME

1. Normativa aplicable

- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, en vigor en tanto non contradiga o disposto na Lei orgánica 2/2012.
- Manual de cálculo do déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás corporacións locais, elaborado pola Intervención Xeral da Administración do Estado.
- Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEOSF para corporacións locais, 3ª edición. elaborado pola Intervención Xeral da Administración do Estado.
- Manual do SEC 95 sobre o Déficit Público e a Débeda Pública, publicado por Eurostat.
- Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro.
- Acordo do Consello de Ministros do 26 de xullo de 2022, aprobado polo Congreso dos Deputados o día 22 de setembro de 2022, polo que se ratifica o mantemento da suspensión das regras fiscais para 2023.

CVD: DLC7PqBTz8aU78rh+RAV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

2. Consideracións previas

O Consello de Ministros, en data 26 de xullo de 2022, acordou o mantemento da suspensión do seu Acordo do 11 de febreiro de 2020 polo que se establecían os obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das administracións públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2021-2023.

O Congreso dos Deputados ratificou o dito acordo o día 22 de setembro de 2022.

Porén, a suspensión das regras fiscais non implica a desaparición da responsabilidade fiscal, posto que o Goberno estableceu unha taxa de referencia para as corporacións locais no exercicio 2023 do 0,1% do PIB, que servirá de guía para as entidades locais, como tampouco o principio de prudencia á hora de executar os seus orzamentos.

Sobre estas premisas, emítese o presente informe de avaliación do cumprimento dos principios da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, no proxecto de orzamento xeral para 2023, pero con carácter informativo ao terse suspendidas as regras fiscais para o 2023.

3. Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria

A estabilidade orzamentaria, identifícase cunha situación de equilibrio ou superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-10).

O cálculo da variable capacidade de financiamento no marco das Entidades Locais, en termos orzamentarios SEC-10 e obviando certos matices de contabilización, obtense, a nivel consolidado, da diferenza entre os Capítulos 1 a 7 do estado de ingresos do orzamento e os Capítulos 1 a 7 do estado de gastos.

Para os entes non sometidos ao réxime orzamentario, considerase equilibrio cando, de acordo cos seus estados provisionais, se deduzan que incorren en perdas cuxo saneamento requira de recursos non previstos no escenario de estabilidade da entidade a que corresponda aportalos.

<u>Entidades que integran o orzamento xeral e delimitación sectorial de acordo co Sistema europeo de contas nacionais e rexionais</u>:

A) Axentes que constitúen o sector administracións públicas (artigo 2.1 da LOEOSF): Concello de Arteixo.

B) Resto de entes públicos (artigo 2.2 da LOEOSP): Sociedade mercantil de marcado Servizos Urbanos de Arteixo SA (Sumarte).

<u>Cumprimento do obxectivo de estabilidade no Concello de Arteixo</u>

O obxectivo de estabilidade orzamentaria exprésase en termos de contabilidade nacional, é dicir, aplicando os criterios metodolóxicos do Sistema europeo de contas

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: DLC7PqBTz8aU78rh+RAV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

(SEC-10) para os efectos da súa comparación homoxénea entre os países europeos e a comprobación do cumprimento dos obxectivos que se establezcan.

Polo tanto, determinada a diferenza entre os ingresos e os gastos non financeiros previstos no orzamento, deberanse realizar os axustes correspondentes ás diferenzas entre a nosa metodoloxía orzamentaria e os criterios do SEC-10 que afectan á valoración dos gastos e ingresos non financeiros.

A necesidade/capacidade de financiamento antes de axustes que se deduce do proxecto do orzamento do Concello para o ano 2023, obtense pola diferenza entre os importes previstos nos capítulos 1 a 7 do estado de ingresos e nos capítulos 1 a 7 do estado de gastos.

O detalle dos ingresos e gastos non financeiros por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE INGRESOS		ESTADO DE GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE (€)	CAPÍTULOS	IMPORTE (€)
1. Impostos directos	17.405.000,00	1. Gastos de persoal	13.552.966,96
2. Impostos indirectos	9.400.000,00	2. Gastos en bens correntes e servizos	21.902.388,24
3. Taxas e outros ingresos	9.223.673,54	3. Gastos financeiros	60.000,00
4. Transferencia correntes	12.340.064,82	4. Transferencia correntes	3.526.851,60
5. Ingresos patrimoniais	346.225,80		
6. Alleamento de inversións reais	4.200.000,00	6. Inversións reais	26.295.293,20
7. Transferencias de capital	8.823.451,16	7. Transferencias de capital	432.500,00
TOTAL	61.738.415,32	TOTAL	65.770.000,00

A suma dos capítulos 1 a 7 do estado de ingresos é inferior á suma dos capítulos 1 a 7 do estado de gastos, polo que el saldo non financeiro antes de axustes é negativo, por importe de -4.031.584,68€.

Para a realización dos axustes do saldo orzamentario non financeiro ao SEC a Intervención Xeral da Administración do Estado elaborou un manual de cálculo do déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás corporacións locais.

Os axustes a realizar, no caso do Concello de Arteixo son os seguintes:

a) Rexistro en contabilidade nacional dos ingresos por impostos, taxas e outros tributos (capítulos 1 a 3 do estado de ingresos):

   No orzamento, o rexistro dos ingresos de natureza fiscal das corporacións locais se realiza no momento no que se recoñece o dereito, que pode coincidir ou non co momento do seu cobro. En contabilidade nacional o criterio para a imputación destes ingresos e o de caixa, con independencia de que se trate de ingresos do orzamento corrente ou de orzamentos pechados.

   Trátase de evitar o efecto sobre o déficit público dos ingresos devindicados e non cobrados.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: DLC7PqBTz8aU78rh+RAV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O axuste ven determinado pola diferenza entre os dereitos recoñecidos polo Concello e a recadación total en caixa, sen ter en consideración o ano do seu recoñecemento. Se o importe de tales dereitos é superior ao valor dos cobros, efectuarase un axuste negativo e se é inferior procederá realizar un axuste positivo pola diferencia de valores, aumentado o diminuíndo o déficit en contabilidade nacional.

Para os efectos de realizar os axustes, tomarase como estimación as porcentaxes da media aritmética da recadación neta dos tres últimos exercicios pechados fronte á media aritmética dos ingresos previstos, seguindo o criterio de caixa expresado.

O axuste a realizar nos capítulos 1 a 3 do estado de ingresos é o seguinte:

Cap.	Previsións inciais. Media 2019-2021	Recaudación. Media 2019-2021	% Recadación	% Axuste	Previsións iniciais 2023	Axuste
1	15.640.000,00	14.729.036,24	94,18%	5,82%	17.405.000,00	-1.013.767,53
2	2.613.333,33	2.569.847,82	98,34%	1,66%	9.400.000,00	-156.414,72
3	10.904.180,17	8.683.851,16	79,64%	20,36%	9.223.673,54	-1.878.141,19

b) Tratamento da liquidación definitiva na Participación nos ingresos do Estado (PIE) do ano 2020:

Se contía da entregas a conta satisfeitas polo Estado resultan superiores a las recoñecidas pola Corporación local, procederá realizar un axuste que supoñerá menor déficit en contabilidade nacional.

Porén, respecto da liquidación negativa do PIE do ano 2020, por importe de 1.151.663,48€, non está prevista a súa devolución no exercicio 2023 xa que o Ministerio de Facenda e Función Pública anunciou a súa compensación no exercicio 2022 mediante unha dotación adicional e extraordinaria de recursos.

Por tanto, no procede practicar axuste ningún por este motivo.

c) Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicación ao orzamento de gastos:

A conta 413 de acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento, recolles as obrigas derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos que non se aplicaron ao orzamento aínda que era procedente.

A aplicación ao orzamento prodúcese, normalmente, no exercicio seguinte, unha vez ditado o acto administrativo correspondente.

En contabilidade nacional o tratamento é diferente. O principio de devindicación é o aplicado con carácter xeral para o rexistro das obrigas, o que implica o cómputo de calquera gasto efectivamente realizado no déficit dunha entidade pública, con independencia do momento no que se impute ao orzamento.

O axuste realizaríase se o saldo final da conta é maior ou menor que o saldo inicial, o que daría lugar a un axuste como maior ou menor gasto non financeiro en contabilidade nacional, aumentando o diminuíndo o déficit do Concello.

Neste momento non se pode determinar cal será o saldo final da conta a fin de exercicio, polo que non se practicará axuste ningún por este motivo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: DLC7PqBTz8aU78rh+RAV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Cálculo da capacidade/necesidade de financiamento do Concello:

	Concepto	Importe (€)
a)	Capítulos 1 a 7 do estado de ingresos	61.738.415,32
b)	Capítulos 1 a 7 do estado de gastos	65.770.000,00
c)	**Capacidade/necesidade de financiamento antes de axustes (a+b)**	**-4.031.584,68**
1)	Axuste recadación capítulo 1	-1.013.767,53
2)	Axuste recadación capítulo 2	-156.414,72
3)	Axuste recadación capítulo 3	-1.878.141,19
d)	**Total axustes (1+2+3)**	**-3.048.323,44**
e)	**Total capacidade/necesidade de financiamento (c+d)**	**-7.079.908,12**

En conclusión, incúmprese o principio de estabilidade orzamentaria, resultando unha necesidade de financiamento de 7.079.908,12 €, como consecuencia da apelación ao crédito para o financiamento de investimentos e en concordancia cos incumprimentos constatados nas liquidacións dos orzamentos de 2020 e 2021 motivadas, fundamentalmente, polo emprego do remanente de tesourería para financiar incorporación de remanentes de crédito ou novos o maiores gastos mediante a concesión de créditos extraordinarios ou suplementos de crédito.

Cumprimento do obxectivo de estabilidade na sociedade mercantil SUMARTE.

Entenderase que se cumpre o principio de estabilidade orzamentaria cando, de acordo co establecido no artigo 3.3 da Lei orgánica 2/2012, a entidade aprobe, liquide e execute o seu orzamento ou aprobe a súa conta de perdas en ganancias en situación de equilibrio financeiro.

No caso de Sumarte só se aprobaron as contas anuais do ano 2021, pero non son significativas ao non iniciar a súa actividade ata o mes de abril de 2022.

Polo tanto, atendendo á estimación da conta de perdas e ganancias do ano 2023, en que se prevé un resultado equilibrado, poderíamos afirmar que se existe equilibrio financeiro e que se prevé o cumprimento do obxectivo de estabilidade.

4. Sostibilidade financeira

Segundo dispón o artigo 4.2 da LOEOSF, entenderase por sostibilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial.

A instrumentación deste principio, segundo o artigo 13 da LOEOSF, establece a obriga para as entidades locais de non superar un límite para a débeda pública, que se prevía do 1,8% do PIB para o exercicio 2023.

O límite da débeda financeira que resulta de aplicación a las entidades locais, dada la imposibilidade de verificación do cumprimento do referido ao PIB para o conxunto de

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: DLC7PqBTz8aU78rh+RAV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

entidades locais, que se aplica, é o previsto no artigo 53 do TRLRFL, que o fixa nun 110% dos ingresos correntes liquidados.

Para a determinación dos ingresos correntes a computar, segundo dispón a disposición final trixésimo primeira da LPXE para 2013, deducirase o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios aplicados aos capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, no teñen a consideración de ingresos ordinarios.

Aos efectos do cálculo do capital vivo, segundo o dito precepto, consideraranse todas as operacións vixentes a 31 de decembro do ano anterior, incluído o risco deducido de avais, incrementado, no seu caso, polos saldos de operacións formalizadas e non dispostas e polo importe da operación proxectada. Non se incluirán os saldos que se deban reintegrar derivados das liquidacións definitivas da participación de tributos do Estado.

O volume da débeda financeira, atendido que no se debe considerar a liquidación definitiva negativa do PIE do ano 2020, e considerando que o Concello de Arteixo non ten operacións de crédito vixentes sería o seguinte:

(+)	Ingresos capítulos 1 a 5	48.714.964,16
(-)	Ingresos extraordinarios	
	396.10 Cotas de urbanización	-2.455.123,54
	470.00. Empresas privadas	-200.000,00
	491.00 FEDER	-310.000,00
	Total ingresos correntes a computar	45.749.840,62
	Operación de crédito proxectada	4.031.584,68
	Porcentaxe débeda sobre ingresos correntes	**8,81%**

O nivel de débeda así calculado é inferior ao 110% dos ingresos correntes axustados previsto no art. 53 do TRLRFL, polo que se cumpre o obxectivo de sostibilidade financeira con motivo da aprobación do orzamento de 2023.

O límite da morosidade da débeda comercial débese identificar co cumprimento do período medio de pago (PMP) desenvolto no Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro e no Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Enténdese que existe sostibilidade da débeda comercial cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade (30 días desde a conformidade ou aprobación da factura). O dito prazo computarase conforme dispón o artigo 5 do RD 635/2014 (modificado polo RD 1040/2017).

A este respecto, o PMP do Concello durante o último ano non superou o prazo máximo (13,39 días no cuarto trimestre de 2021 e 18,94, 17 e 16,63 días nos tres primeiros trimestres de 2022).

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: DLC7PqBTz8aU78rh+RAV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

5. Regra de gasto

A suspensión das regras fiscais para o ano 2023 supón a non aplicación da dita regra, non procedendo o informa da Intervención sobre o seu cumprimento.

CONCLUSIONS

Do todo o exposto resulta que:

- O proxecto de orzamento do Concello de Arteixo para o ano 2023 incumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria, presentando una situación de déficit ou necesidade de financiamento.
- A empresa de mercado Sumarte, presenta una situación de equilibrio financeiro.
- O Concello de Arteixo cumpre cos límites de débeda establecidos no TRLRFL e cos prazos de pagamento previstos na normativa sobre morosidade.

Asina dixitalmente na data do documento electrónico. - Rodolfo Alonso García. - Interventor municipal.

CVD: DLC7PqBTz8aU78rh+RAV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

PROCEDIMENTO. – Aprobación de orzamentos

Expediente. – 2022/T004/000002

Asunto: Proxecto de orzamento xeral do Concello de Arteixo para o exercicio 2023.

En cumprimento do establecido nos artigos 168.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2007, do 5 de marzo, e 18.4 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e, en base ao proxecto de orzamento xeral do Concello de Arteixo para o exercicio 2023, emítese o seguinte

INFORME

1. Normativa aplicable

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.
- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, en vigor en tanto non contradiga o disposto na Lei orgánica 2/2012.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a .estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo.
- Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector Público Local.

2. Consideracións previas

Segundo dispón o artigo 162 do TRLRFL, as entidades locais están obrigadas a elaborar e aprobar anualmente un orzamento único que constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a entidade e os seus

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: mwGr1ut/AoOFyeDof6el
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

organismos autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade.

O exercicio orzamentario, engade o artigo 163 do TRLRFL, coincidirá co ano natural e imputaránselle os dereitos liquidados no exercicio, calquera que sexa o período do que deriven e as obrigas recoñecidas neste.

O Concello de Arteixo conta cunha sociedade mercantil de capital social integramente municipal: Servizos Urbanos de Arteixo SA (Sumarte).

3. Contido

O proxecto de orzamento xeral do Concello de Arteixo está integrado, conforme dispoñen os artigos 164.1 do TRLRFL e 5 do RD 500/90, está integrado por:

- O orzamento da propia entidade.
- Os estados de previsión de ingresos y gastos de Sumarte.

Conforme o artigo 165 do TRLRFL o proxecto de orzamento do Concello que integra o orzamento xeral contén os estados de gastos e ingresos e as Bases de execución.

O expediente contén a seguinte documentación, de conformidade co previsto nos artigos 166 e 168 TRLRFL:

- O programa anual de actuación, inversións e financiamento de Sumarte.
- O estado de consolidación do orzamento do Concello cos estados de previsión de ingresos e gastos de Sumarte.
- O estado de previsión de movementos e situación da débeda.
- Memoria da Alcaldía explicativa do seu contido e das principais modificacións que presenta en relación co vixente.
- Estados da liquidación do orzamento do exercicio 2021.
- Avance da liquidación do orzamento de 2022 referida ao 31/06/2022.
- Anexo de persoal.
- Anexo dos investimentos a realizar no exercicio.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais, contendo información detallada dos beneficios fiscais e o seu impacto na recadación local.
- Informe económico-financeiro, no que se expoñen as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de créditos previstos, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: mwGr1ut/AoOFyeDof6el
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

4. Estrutura orzamentaria.

O proxecto de orzamento do Concello axústase á estrutura orzamentaria establecida na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, e modificada pola Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo.

A sociedade mercantil Sumarte presenta os seus estados de previsión de gastos e ingresos cunha estrutura de conta de perdas e ganancias e unha adaptación á estrutura establecida nas ordes mencionadas.

5. Equilibrio orzamentario

O artigo 165.4 do TRLRFL dispón que cada un dos orzamentos que se integran no Orzamento xeral deberase aprobar sen déficit inicial.

O orzamento do **Concello de Arteixo** para o exercicio 2023 cuantifícase conforme a seguinte desagregación por capítulos:

ESTADO DE INGRESOS		ESTADO DE GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE (€)	CAPÍTULOS	IMPORTE (€)
1. Impostos directos	17.405.000,00	1. Gastos de persoal	13.552.966,96
2. Impostos indirectos	9.400.000,00	2. Gastos en bens correntes e servizos	21.902.388,24
3. Taxas e outros ingresos	9.223.673,54	3. Gastos financeiros	60.000,00
4. Transferencia correntes	12.340.064,82	4. Transferencia correntes	3.526.851,60
5. Ingresos patrimoniais	346.225,80		
OPERACIÓNS CORRENTES	48.714.964,16	OPERACIÓNS CORRENTES	39.042.206,80
6. Alleamento de Inversións reais	4.200.000,00	6. Inversións reais	26.295.293,20
7. Transferencias de capital	8.823.451,16	7. Transferencias de capital	432.500,00
OPERACIÓNS DE CAPITAL	13.023.451,16	OPERACIÓNS DE CAPITAL	26.727.793,20
8. Activos financeiros	40.000,00	8. Activos financeiros	40.000,00
9. Pasivos financeiros	4.031.584,68	9. Pasivos financeiros	0,00
OPERACIÓNS FINANCIERAS	4.071.584,68	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	40.000,00
TOTAL INGRESOS	65.810.000,00	TOTAL GASTOS	65.810.000,00

Ademais do cumprimento da nivelación formar entre o estado de gastos e ingreso do Orzamento, cómprese tamén o principio de nivelación desde o punto de vista económico-financeiro. Así os gastos correntes (gastos de capítulos 1 a 4) non superan os ingresos ordinarios (capítulos 1 a 5 do estado de ingresos, agás os de carácter extraordinario), resultando unha diferencia de 6.647.633,82€ que se destinan ao financiamento de investimentos.

O estado de previsión de ingresos e gastos da sociedade municipal **Sumarte**, aprobado polo Consello de Administración o 16 de novembro de 2022, tamén está nivelado, sendo o importe tanto dos ingresos coma dos gastos previstos de 4.494.098,05€.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: mwGr1ut/AoOFyeDof6el
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O **orzamento consolidado**, realizados os axustes correspondentes ás operacións internas (encargo a Sumarte para a prestación do servizo de limpeza viaria por importe de 718.577,30€), é o seguinte:

ESTADO DE INGRESOS		ESTADO DE GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE (€)	DESCRICIÓN	IMPORTE (€)
1. Impostos directos	17.405.000,00	1. Gastos de persoal	14.899.864,45
2. Impostos indirectos	9.400.000,00	2. Gastos en bens correntes e servizos	24.331.011,50
3. Taxas e outros ingreos	12.999.194,29	3. Gastos financeiros	60.000,00
4. Transferencia correntes	12.340.064,82	4. Transferencia correntes	3.526.851,60
5. Ingresos patrimoniais	346.225,80		
OPERACIÓNS CORRENTES	52.490.484,91	OPERACIÓNS CORRENTES	42.817.727,55
6. Alleamento de inversións reais	4.200.000,00	6. Inversións reais	26.295.293,20
7. Transferencias de capital	8.823.451,16	7. Transferencias de capital	432.500,00
OPERACIÓNS DE CAPITAL	13.023.451,16	OPERACIÓNS DE CAPITAL	26.727.793,20
8. Activos financeiros	40.000,00	8. Activos financeiros	40.000,00
9. Pasivos financeiros	4.031.584,68	9. Pasivos financeiros	
OPERACIÓNS FINANCIERAS	4.071.584,68	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	40.000,00
TOTAL INGRESOS	69.585.520,75	TOTAL GASTOS	69.585.520,75

6. Aforro neto e capacidade de endebedamento

Para poder concertar operacións de crédito é preciso que da liquidación do orzamento do último exercicio non se deduza un aforro neto negativo.

O aforro neto, segundo dispón o artigo 53 do TRLRFL, entendese como a diferenza entre os dereitos liquidados polos capítulos 1 a 5, ambos inclusive, do estado de ingresos, e das obrigas recoñecidas polos capítulos 1, 2 e 4 do estado de gastos, minorada no importe dunha anualidade teórica de amortización da operación proxectada e de cada un dos préstamos e empréstitos propios e avalados a terceiros pendentes de reembolso.

Representa a medida en que a entidade local pode facer fronte a novas débedas, reflicte a solvencia do Concello, isto é, o equilibrio necesario entre ingresos e gastos correntes para non incorrer en remanentes de tesourería negativos que xeren falta de liquidez e atrasos nos pagos no cumprimento das súas obrigacións.

Nos últimos exercicios o aforro neto derivado das liquidacións dos orzamentos municipais foi positivo, sendo o deducido da derradeira liquidación orzamentaria aprobada, a correspondente ao exercicio 2021, de 8.785,648,30€.

As previsións do orzamento do exercicio 2023, contemplan un aforro neto que sería positivo, aínda que é preciso agardar á aprobación da liquidación do ano 2022 para os efectos da súa determinación, nos seguintes termos:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: mwGr1ut/AoOFyeDof6el
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

		Importe (€)
(+)	Ingresos capítulos 1 a 5	48.714.964,16
(-)	Ingresos extraordinarios	
	396.10 Cotas de urbanización	-2.455.123,54
	470.00 Empresas privadas	-200.000,00
	491.00 FEDER	-310.000,00
(-)	Gastos capítulos 1, 2 e 4	-38.982.206,80
	AFORRO BRUTO	6.707.633,82
(-)	Anualidade teórica de amortización (*)	-478.400,00
	AFORRO NETO	6.289.233,82

(*) A anualidade teórica de amortización determínase en termos constantes, comprensivos dos xuros e cota de amortización da operación de crédito proxectada, estimando un tipo do 3,5% y un prazo de amortización de 5 anos.

7. Estado de ingresos

O proxecto de orzamento consolidado para o ano 2023 prevé ingresos por importe de 69.585.520,65€, que supoñen un incremento dun 13,16% respecto dos ingresos previstos no orzamento consolidado do ano 2022.

Na seguinte táboa reflíctense a comparación entre as previsións iniciais de ingresos do proxecto de orzamentos consolidado de 2023 e as previsións de ingresos do orzamento consolidado de 2022:

CAPÍTULOS	PREVISIÓNS INICIAIS 2023	PREVISIÓNS INICIAIS 2022	VARIACIÓN	VARIACIÓN %
1. Impostos directos	17.405.000,00	16.755.000,00	650.000,00	3,88%
2. Impostos indirectos	9.400.000,00	9.300.000,00	100.000,00	1,08%
3. Taxas e outros ingresos	12.999.194,19	11.545.713,00	1.453.481,19	12,59%
4. Transferencias correntes	12.340.064,82	10.999.587,18	1.340.477,64	12,19%
5. Ingresos patrimoniais	346.225,80	156.000,00	190.225,80	121,94%
OPERACIÓNS CORRENTES	52.490.484,81	48.756.300,18	3.734.184,63	7,66%
6. Alleamento de inversións reais	4.200.000,00	4.000.000,00	200.000,00	5,00%
7. Transferencias de capital	8.823.451,16	5.198.699,82	3.624.751,34	69,72%
OPERACIÓNS DE CAPITAL	13.023.451,16	9.198.699,82	3.824.751,34	41,58%
8. Activos financeiros	40.000,00	40.000,00	0,00	0,00%
9. Pasivos financeiros	4.031.584,68	3.500.000,00	531.584,68	15,19%
OPERACIÓNS FINANCIERAS	4.071.584,68	3.540.000,00	531.584,68	15,02%
TOTAL INGRESOS	69.585.520,65	61.495.000,00	8.090.520,65	13,16%

As bases empregadas para a estimación das previsións de ingresos se especifican no Informe económico-financeiro que se achega como anexo ao orzamento xeral.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: mwGr1ut/AoOFyeDof6el
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Os ingresos previstos nos **capítulos 1 a 3** do estado de ingresos ascenden a 39.804.194,19€ e supoñen un 57,20% do total previsto. Non se especifican suficientemente as bases empregadas para a súa avaliación, sobre todo no que respecta á imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU) e ao imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Por outra banda, prevense ingresos en concepto de cotas de urbanización (subconcepto 396.10) por importe de 2.455.123,54€, sen que se aclare no dito informe a súa orixe e destino, posto que no anexo de investimentos só se financian con este recurso, que é de natureza finalista, 209.663,05 €.

Na seguinte táboa móstrase a evolución dos ingresos por estes capítulos nos exercicios 2017 ao 2021. Inclúense os ingresos realizados no exercicio e os correspondentes a exercicios pechados, en consonancia con los criterios seguidos para avaliar a estabilizade orzamentaria en termos de contabilidade nacional.

ANO	CAPÍTULO	PREVISIÓNS DEFINITIVAS	RECADACIÓN EXERCICIO	RECADACIÓN EXERCICIOS PECHADOS	RECADACION TOTAL	%
2017	1	14.570.000,00	14.485.141,52	0,00	14.485.141,52	99,42%
	2	1.150.000,00	426.650,83	0,00	426.650,83	37,10%
	3	9.272.000,00	7.989.264,06	1.472.939,98	9.462.204,04	102,05%
	TOTAL	24.992.000,00	22.901.056,41	1.472.939,98	24.373.996,39	97,53%
2018	1	15.600.000,00	15.341.104,54	0,00	15.341.104,54	98,34%
	2	875.000,00	592.382,49	0,00	592.382,49	67,70%
	3	10.324.765,46	5.957.002,68	568.378,89	6.525.381,57	63,20%
	TOTAL	26.799.765,46	21.890.489,71	568.378,89	22.458.868,60	83,80%
2019	1	15.622.220,07	15.619.911,50	0,00	15.619.911,50	99,99%
	2	2.615.000,00	3.175.662,68	0,00	3.175.662,68	121,44%
	3	10.897.216,77	6.892.359,73	2.021.518,84	8.913.878,57	81,80%
	TOTAL	29.134.436,84	25.687.933,91	2.021.518,84	27.709.452,75	95,11%
2020	1	15.670.000,00	13.601.536,34	13.998,26	13.615.534,60	86,89%
	2	2.425.000,00	830.622,69	53.096,33	883.719,02	36,44%
	3	10.254.633,74	5.342.028,66	2.075.916,34	7.417.945,00	72,34%
	TOTAL	28.349.633,74	19.774.187,69	2.143.010,93	21.917.198,62	77,31%
2021	1	15.839.053,32	14.900.273,27	5.494,92	14.905.768,19	94,11%
	2	2.800.000,00	3.610.958,55	33.230,75	3.644.189,30	130,15%
	3	11.757.941,25	8.281.069,89	1.413.224,90	9.694.294,79	82,45%
	TOTAL	30.396.994,57	26.792.301,71	1.451.950,57	28.244.252,28	92,92%

Dos datos que consta na táboa anterior resulta que os ingresos do período 2017-2021 non excederon, en conxunto, as previsións totais, polo que é preciso realizar unha avaliación constante da execución orzamentaria aos efectos de evitar que a capacidade

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: mwGr1ut/AoOFyeDof6el
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

de financiamento do Concello se vexa afectada pola insuficiente recadación dos ingresos.

Respecto dos ingresos previstos nos **capítulos 4 e 7** de carácter finalista, débese lembrar o disposto no artigo 173.6 do TRLRFL que establece que a dispoñibilidade dos créditos orzamentarios quedará condicionada á existencia de documentos fidedignos que acrediten os compromisos firmes de aportación.

Os ingresos do **capítulo 6** corresponden á venda dunha parcela de titularidade municipal. O destino do produto da venda destinarase exclusivamente aos fins seguintes, enumerados no artigo 134 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

a) *Construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública.*

b) *Actuacións públicas de interese social e as vinculadas á propia planificación e xestión urbanística, en especial ao pagamento en especie, mediante permuta, dos terreos destinados a sistemas xerais e locais de dotacións públicas, ou a gastos de realoxamento e retorno e pagamento de indemnizacións ou xustos prezos por actuacións urbanísticas.*

c) *Conservación e mellora do ambiente, do medio rural e do patrimonio cultural construído.*

d) *Creación de solo para o exercicio de actividades empresariais compatibles co desenvolvemento sustentable.*

e) *Conservación, xestión e ampliación do propio patrimonio público do solo.*

f) *Aqueloutras finalidades previstas na lexislación vixente*."

É preciso salientar a inclusión no **capítulo 9** da concertación dunha operación de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos por importe de 4.031.684,68€. Para poder apelar ao crédito é preciso contar con orzamento do exercicio aprobado e informe da Intervención no que se analizará a capacidade da entidade local para atender, en prazo, as obrigas que deriven deste.

Por outra banda, será precisa a aprobación previa da liquidación do orzamento do exercicio 2022 para os efectos de calcular o aforro neto e a ratio da débeda respecto dos ingresos correntes. A dispoñibilidade dos créditos orzamentarios quedará igualmente condicionada á formalización da operación de crédito.

8. Estado de gastos

O orzamento xeral do Concello para o exercicio 2023 ascende á 69.585.520,65€, que supoñen en termos idénticos ao do estado de ingresos, un incremento dun 13,16% respecto dos ingresos previstos no orzamento consolidado do ano 2022.

CVD: mwGr1ut/AoOFyeDof6el
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Na seguinte táboa reflíctense a comparación entre os créditos iniciais de gastos do proxecto de orzamentos consolidado de 2023 e os créditos iniciais do orzamento consolidado de 2022:

CAPÍTULOS	CRÉDITOS INICIAIS 2023	CRÉDITOS INICIAIS 2022	VARIACIÓN	VARIACIÓN %
1. Gastos de persoal	14.899.864,45	12.817.452,62	2.082.411,83	16,25%
2. Gastos en bens correntes e servizos	24.331.011,50	21.049.194,81	3.281.816,69	15,59%
3. Gastos financeiros	60.000,00	95.000,00	-35.000,00	-36,84%
4. Transferencias correntes	3.526.851,60	3.157.400,70	369.450,90	11,70%
OPERACIÓNS CORRENTES	42.817.727,55	37.119.048,13	5.698.679,42	15,35%
6. Inversións reais	26.295.293,20	23.903.451,81	2.391.841,39	10,01%
7. Transferencias de capital	432.500,00	432.500,00	0,00	0,00%
OPERACIÓNS DE CAPITAL	26.727.793,20	24.335.951,81	2.391.841,39	9,83%
8. Activos financeiros	40.000,00	40.000,00	0,00	0,00%
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00%
OPERACIÓNS FINANCIERAS	40.000,00	40.000,00	0,00	0,00%
TOTAL GASTOS	69.585.520,75	61.495.000,00	8.090.520,81	13,16%

Capítulo 1. Gastos de persoal: Representa o 21,41% do orzamento consolidado.

Os créditos correspondentes ao persoal do Concello de Arteixo supoñen 13.552.966,96€ e á sociedade municipal Sumarte, 1.346.897,49€. O orzamento total consolidado deste capítulo supón un aumento do 16,25% con respecto ao do ano 2022

Respecto do persoal do **Concello**, consta no expediente un informe técnico legal do capítulo 1 e o anexo de persoal emitido pola técnica de Recursos Humanos que informa favorablemente o capítulo 1 e os documentos anexos ao mesmo "aos exclusivos efectos do cumprimento da masa salarial e incrementos retributivos".

Segundo o dito informe, o incremento en termos homoxéneos dos créditos de persoal respecto dos do exercicio anterior non excede do 2,5% previsto no artigo 19 do Proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023. O incremento restante provén da inclusión das prazas para funcionarios interinos por programas aprobados e a previsión de 4 prazas para auxiliares de Policía, que non ocupan prazas do cadro de persoal.

Comprobouse a concordancia entre o anexo e o cadro de persoal que se achega, e que todos os postos están dotados no orzamento, conforme establece o artigo 38.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

No que se refire ás retribucións complementarias do persoal funcionario, é de aplicación o disposto no artigo 7 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local, que establece que:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: mwGr1ut/AoOFyeDof6el
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

"*1. Los créditos destinados a complemento específico, complemento de productividad, gratificaciones y, en su caso, complementos personales transitorios, serán los que resulten de restar a la masa retributiva global presupuestada para cada ejercicio económico, excluida la referida al personal laboral, la suma de las cantidades que al personal funcionario le correspondan por los conceptos de retribuciones básicas, ayuda familiar, y complemento de destino.*

2. La cantidad que resulte, con arreglo a lo dispuesto en el número anterior, se destinará:

a. Hasta un máximo del 75 % para complemento específico, en cualquiera de sus modalidades, incluyendo el de penosidad o peligrosidad para la policía municipal y servicio de extinción de incendios.

b. Hasta un máximo del 30 % para complemento de productividad.

c. Hasta un máximo del 10 % para gratificaciones."

O crédito orzamentario que se debería destinar a estes complementos ascende á 2.094.234,99€, determinado como segue:

	Descrición	Importe (€)
(+)	Importe capítulo 1	13.552.966,96
(-)	Órganos de goberno. Retribucións	445.439,93
(-)	Persoal eventual. Retribucións	283.958,47
(-)	Funcionarios. Retribucións básicas	2.233.540,04
(-)	Funcionarios. Complemento de destino	1.219.542,33
(-)	Persoal laboral fixo. Retribucións	3.207.005,77
(-)	Persoal laboral temporal. Retribucións	674.074,39
(-)	Outro persoal	82.744,62
(-)	Seguridade Social	3.109.036,42
(-)	Outras prestacións e gastos sociais	203.390,00
	Créditos destinados ao reparto complementos artigo 7 RD 861/1986	2.094.234,99

Aplicando os límites indicados resulta o importe máximo que correspondería a cada complemento e o importe que figura no orzamento é o seguinte:

Descrición	Importe máximo (€)	Crédito inicial (€)
Complemento específico (*) (75%)	1.570.676,24	1.912.649,15
Produtividade (**) (30%)	628.270,50	36.885,84
Gratificacións (10%)	209.423,50	144.700,00

(*) Inclúe os créditos das aplicacións orzamentarias 121.01 Complemento de destino e 121.03 Outros complementos.
(**) Suma dos créditos das aplicacións orzamentarias 151.00 Produtividade e 151.03 Complemento dedicación especial.

Por tanto, o complemento específico do persoal funcionario exceden os límites previstos no artigo 7 do RD 861/1986, supoñendo un 91,33% do crédito repartido. A produtividade e as gratificacións non superan os límites establecidos.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: mwGr1ut/AoOFyeDof6el
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Masa salarial do persoal laboral: Non consta que o Concello adoptara acordo ningún respecto desta materia, en contra do disposto no artigo 103.bis da LBRL, na súa reacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, que dispón textualmente que:

1. As corporacións locais aprobarán anualmente a masa salarial do persoal laboral do sector público local respectando os límites e as condicións que se establezan con carácter básico na correspondente lei de orzamentos xerais do Estado.

2. A aprobación indicada no número anterior comprenderá a referente á propia entidade local, organismos, entidades públicas empresariais e demais entes públicos e sociedades mercantís locais dela dependentes, así como as dos consorcios adscritos a ela en virtude do previsto na lexislación básica de réxime xurídico das administracións públicas e das fundacións en que concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que se constitúan cunha achega maioritaria, directa ou indirecta, das entidades citadas neste número.

b) Que o seu patrimonio fundacional, cun carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50 por 100 por bens ou dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.

3. A masa salarial aprobada será publicada na sede electrónica da corporación e no boletín oficial da provincia ou, se for o caso, da comunidade autónoma uniprovincial no prazo de 20 días.»

3. La masa salarial aprobada será publicada en la sede electrónica de la Corporación y en el Boletín Oficial de la Provincia o, en su caso, de la Comunidad Autónoma uniprovincial en el plazo de 20 días."

Polo demais, os créditos previstos correspóndense cos importes que figuran no anexo de persoal que se incorpora ao expediente e que inclúe o incremento do 2,5% das retribucións da totalidade do persoal municipal respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2022, que se aplicarán á entrada en vigor da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2023, así como os créditos precisos para atender o persoal temporal e as vacantes existentes no cadro de persoal.

Respecto dos gastos de persoal de **Sumarte**, a previsión de gastos inclúe os gastos de persoal que derivará da subrogación dos traballadores da empresa que presta actualmente o servizo de limpeza viaria, conforme a encargo realizado polo Concello.

Capítulo 2. Gastos en bens correntes e servizos: Representa o 34,97% do orzamento consolidado e supón un incremento dun 15,59% respecto ao exercicio anterior.

Na memoria da Alcaldía que se incorpora ao expediente sinalase que as bases consideradas para a súa elaboración son as necesidades manifestadas polos distintos servizos e detalla as principais modificacións operadas neste capítulo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: mwGr1ut/AoOFyeDof6el
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Comprobouse pola Intervención que se consignaron adecuadamente os créditos correspondentes aos gastos comprometidos para el exercicio 2023.

Capítulo 3. Gastos financeiros: Son un 0,86% do importe do orzamento consolidado e segundo a memoria da Alcaldía contempla os xuros de mora dos retrasos ou pronunciamentos xudiciais e as posibles comisións derivadas do mercado bancario. Non se dota crédito, por tanto, para os xuros que se deriven da posible concertación da operación de crédito proxectada.

Capítulos 4 e 7. Transferencias (correntes e de capital): As transferencias e subvencións destínase o 5,89% do orzamento consolidado. Na memoria da Alcaldía especifícanse as aplicacións orzamentarias que experimentan importantes modificacións.

Por outra banda, recóllese un anexo coas subvencións nominativas de concesión directa e, no anexo de investimentos, as subvencións e transferencias de capital.

O **capítulo 8**, de **activos financeiros**, só recolle os anticipos ao persoal municipal e no se establece previsión ningunha no **capítulo 9**, referente aos **pasivos financeiros**, polo que, de concertarse a operación de crédito proxectada, debería establecerse un período de carencia.

9. Procedemento de aprobación

De conformidade coa normativa aplicable, a aprobación dos orzamentos das entidades locais axústase ao seguinte procedemento :

- Elevación ao Pleno da corporación. O proxecto de orzamento xeral informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria, será remitido polo presidente ó Pleno da corporación antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución (artigo 168.4 do TRLRFL e 18.4 do Real decreto 500/1990)

- Aprobación inicial do orzamento xeral polo Pleno da corporación, por quórum de maioría simple dos membros presentes. O acordo, que será único, deberá detallar os orzamentos que integran o orzamento xeral, non podendo aprobarse ningún deles separadamente.

- Información pública durante de quince días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Provincial da Provincia, prazo durante o cal as persoas interesadas poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.

- Resolución de todas as reclamacións presentadas polo Pleno no prazo dun mes.

- Aprobación definitiva. O orzamento xeral considerarase definitivamente aprobado se ao termo do período de exposición non se presentaran reclamacións. En caso contrario, requiririase acordo expreso polo que se resolvan as formuladas e se aprobe definitivamente.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: mwGr1ut/AoOFyeDof6el
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Publicación. O orzamento xeral definitivamente aprobado será inserido no Boletín Oficial da corporación, se o tivera e, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integren, no da Provincia.

- Remisión do expediente e entrada en vigor. Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial da Provincia.

- Información Pública. A copia do orzamento deberase atopar a disposición do público, a efectos informativos, dende a súa aprobación definitiva ata o remate do exercicio.

CONCLUSIÓNS

Nos termos expostos queda emitido o presente informe ao proxecto de orzamento xeral para o exercicio 2023, integrado polo orzamento do Concello de Arteixo e as previsións da sociedade mercantil de capital integramente municipal Servizos Urbanos de Arteixo SA, concluíndo:

- Que se achega a documentación e anexos esixidos a documentación complementara esixidos nos artigos 166 e 168 do TRLRFL.

- Que o orzamento do Concello axústase a estrutura orzamentaria establecida na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, e o estado de previsións e ingreso de Sumarte adaptouse á dita estrutura.

- Que tanto o orzamento do Concello e as previsións de ingresos e gastos de Sumarte, coma o estado de consolidación do orzamento, preséntanse equilibrados, sen déficit inicial.

- Que se estiman adecuadas as previsións consignadas no orzamento de ingresos. Porén, é preciso realizar un seguimento e avaliación dos ingresos previstos nos capítulos 1 a 3, aclarar a previsión relativa ás cotas de urbanización e o seu destino, acreditar que o destino do produto da venda da parcela que se integra no patrimonio municipal do solo se axusta ás previsións legais, e condicionar a dispoñibilidade dos créditos á acreditación dos compromisos firmes de aportacións, no caso das subvencións, ou a concertación da operación de crédito.

- Que, no referente aos gastos, se deben ter en consideración as observacións realizadas respecto do capítulo 1 relativas aos límites das retribucións complementarias do persoal funcionario polos conceptos de complemento específico, de produtividade e as gratificacións e a aprobación anual da masa salarial do persoal laboral.

  Por outra banda, no estado de gastos créditos non se recollen os precisos para atender as obrigas que deriven da concertación da operación de crédito (xuros e amortización).

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: mwGr1ut/AoOFyeDof6el
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Asina dixitalmente na data do documento electrónico. - Rodolfo Alonso García. - Interventor municipal.

CVD: mwGr1ut/AoOFyeDof6el
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Expediente núm.: 2022/T004/000002 –

Asunto: APROBACIÓN DO ORZAMENTO 2023

PROPOSTA

APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2023

Visto o expediente que contén o proxecto de orzamento municipal xeral para o exercicio 2023, e dada a necesidade de proceder á aprobación do mesmo para a súa entrada en vigor á maior brevidade posible,

PROPOÑO que o Pleno da Corporación adopte o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar Inicialmente o orzamento xeral do Concello de Arteixo para o exercicio económico 2023, que no seu estado de gastos e ingresos ascende á contía de 70.304.098,05 € así como as súas Bases de execución.

Este orzamento xeral, integrado polo del propio Concello e o estado de previsións de ingresos e gastos da sociedade municipal Servizos Urbanos de Arteixo SA (SUMARTE), presenta a seguinte desagregación:

	Ingresos	Gastos
Concello de Arteixo	65.810.000,00	65.810.000,00
Sumarte	4.494.098,05	4.494.098,05
Total	70.304.098,05	70.304.098,05

O resumo por capítulos do orzamento do Concello e do estado de previsión de gastos e ingresos de Sumarte que integran o orzamento xeral é o seguinte:

Concello de Arteixo

CVD: MobWEbR1rhaTCC6Y8VqM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

ESTADO DE INGRESOS		ESTADOS DE GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE (€)	CAPÍTULOS	IMPORTE (€)
1. Impostos directos	17.405.000,00	1. Gastos de persoal	13.552.966,96
2. Impostos indirectos	9.400.000,00	2. Gastos en bens correntes e servizos	21.902.388,24
3. Taxas e outros ingreos	9.223.673,54	3. Gastos financeiros	60.000,00
4. Transferencias correntes	12.340.064,82	4. Transferencia correntes	3.526.851,60
5. Ingresos patrimoniais	346.225,80		
6. Alleamento de Inversións reais	4.200.000,00	6. Inversións reais	26.295.293,20
7. Transferencias de capital	8.823.451,16	7. Transferencias de capital	432.500,00
8. Activos financeiros	40.000,00	8. Activos financeiros	40.000,00
9. Pasivos financeiros	4.031.584,68	9. Pasivos financeiros	0,00
TOTAL INGRESOS	65.810.000,00	TOTAL GASTOS	65.810.000,00

Sumarte

ESTADO DE INGRESOS		ESTADOS DE GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE (€)	CAPÍTULOS	IMPORTE (€)
1. Impostos directos	0,00	1. Gastos de persoal	1.346.897,49
2. Impostos indirectos	0,00	2. Gastos en bens correntes e servizos	3.147.200,56
3. Taxas e outros ingreos	3.775.520,75	3. Gastos financeiros	0,00
4. Transferencia correntes	718.577,30	4. Transferencia correntes	0,00
	0,00		
6. Inversións reais	0,00	6. Inversións reais	0,00
7. Transferencias de capital	0,00	7. Transferencias de capital	0,00
8. Activos financeiros	0,00	8. Activos financeiros	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	9. Pasivos financeiros	0,00
TOTAL INGRESOS	4.494.098,05	TOTAL GASTOS	4.494.098,05

Segundo.- Ordenar a publicación no BOP da Coruña do acordo de aprobación inicial durante un prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da inserción do anuncio correspondente co fin de que as persoas interesadas poidan examinalos e presentar reclamacións perante o Pleno da corporación. O orzamento xeral considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. En caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: MobWEbR1rhaTCC6Y8VqM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para o cumprimento da obriga de remitir copia do orzamento definitivamente aprobado á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma para dar cumprimento ao disposto no artigo 169.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Asinado dixitalmente.- Carlos Calvelo Martínez

Alcalde-Presidente

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

CVD: MobWEbR1rhaTCC6Y8VqM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.